

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50

Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos



**Os valores do respecto
e a convivencia contra o acoso escolar**

PÁRATE *para pensar*



**ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA**

**PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA**

CONTRIBUÍENDO AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



Coa colaboración de:



PÁRATE *para pensar*



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA
CONTRIBUÍNDOLLE AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017

50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

Coa colaboración de:



PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA
CONTRIBUÍNDOLLE AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017

PÁRATE *para pensar*

Benvidos á nova edición para o curso 2016-2017 de “Párate para pensar”, o programa educativo de Aldeas Infantiles SOS para Secundaria. Ofrecido exclusivamente en formato dixital aberto, para todos os centros que desexen aplicalo e para todas as familias que, xunto aos seus colexios ou de forma independente, se animen a levalo a cabo.

O respecto e a convivencia, contra o acoso escolar

O respecto é o valor no que se fundamenta a nosa sociedade. Para os nenos é un gran paso admitiren que o outro, aínda que é diferente, ten moito en común con eles: necesidades, desexos, medos e ilusións, e os mesmos dereitos ca ti. Sen ese respecto é imposible crear un mundo de relacións igualitarias, sen discriminacións. Ademais, cando respectas só podes desprezar a violencia, xa que esta aparece como un acto de agresión non só ao outro senón a un mesmo, dalgún xeito. Por iso, para facer chegar ese NON rotundo á violencia desde a infancia, este ano queremos facer reflexionar os nenos sobre estes valores, que son o corazón da nosa sociedade. Do respecto entre persoas despréndese os principios que regulan as nosas vidas: trátalos os demais como desexas que te traten, coñeces os límites dos teus dereitos e obrigas, xerar normas e leis que os regulen, valoras a dor allea e tenderes a man a quen sofre e é exactamente coma ti.

Este curso tratamos o respecto desde un nivel persoal e a convivencia como a súa extensión na vida colectiva no centro escolar. Para nós este é o mellor punto de partida para abordar un tema tan preocupante como o acoso escolar. No “Párate para pensar” integramos este fenómeno dunha forma máis preventiva, como parte do inmenso traballo que hai que facer para erradicar a violencia no mundo. Queremos que nenos, adolescentes e familias aprendan a respectarse e a convivir rexeitando calquera tipo de violencia, porque nos fai menos humanos.

Denunciar, atallar, evitar, apartar, reeducar: tolerancia cero contra o acoso.

50 titorías con sentido

Cada bloque didáctico está dividido en actividades para desenvolver na hora de titoría dos distintos ciclos, aínda que moitas delas serven tamén para os profesores especialistas en inglés, música ou educación física. O nivel de dificultade podedes modularlo facilmente para levar as actividades máis sinxelas a cursos máis avanzados, aínda que as de ciclo superior poden ter un nivel elevado para os pequenos. Cada profesor decide que aplicar e como graduar a dificultade para adaptalas ao seu grupo. Ademais, contaredes con ligazóns, vídeos e recursos que se executan directamente se os utilizades desde o ordenador ou cos encerados dixitais.

A familia completa o programa

Como cada ano, insistimos en implicar as familias dos vosos alumnos no programa educativo, porque só ao carón delas podemos construír coherentemente a educación en valores. Por iso, cada titoría conta cunha extensión para a casa e o material está aberto para eles na nosa web. Deste xeito, todos poderán aplicalas e reforzar o voso traballo de aula.

E lembrámosvos que tedes á vosa disposición **Vaia Dilema**, unha orixinal proposta de dilemas éticos e morais, á altura das idades e as situacións cotiás dos vosos alumnos, que tamén podedes propor na casa.

Moitas grazas polo voso apoio. Agardamos que goceades deste material e que vos subscribades ao noso boletín en www.aldeasinfantiles.es/educa para recibirdes periodicamente novos materiais, ideas, propostas, irmandades con outros colexios.

PÁRATE *para pensar*



**ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA**

**PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA**
CONTRIBUÍDO AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017

50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

Coa colaboración de:



Os valores do respecto e a convivencia contra o acoso escolar



O RESPECTO



a CONVIVENCIA



CONTRA O ACOSO ESCOLAR



Máis información sobre nós

PÁRATE *para pensar*



**ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA**

**PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA**
CONTRIBUENDO AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017

50

**TITORÍAS CON SENTIDO
PARA TODOS OS CICLOS
EDUCATIVOS**



O RESPECTO



PÁRATE *para pensar*



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA

PC

Primeiro ciclo

SC

Segundo ciclo

R

Recicla

50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

Coa colaboración de:


ecoembes

O RESPECTO

Respecto, respecto, respecto. Lémbra-lo a familia, a escola e toda a sociedade. O respecto é básico para vivir, para sentirnos seguros e para facer que os demais se sintan ben... E todo comeza por ti. Respéctaste? Quéreste? Valórase? Esta época da túa vida é crucial porque medras e te formas como persoa. Xa non es un neno. Non dependes dos teus pais para todo, comezas a tomar as túas propias decisións e es responsable dos teus actos. Queres converterte nunha gran persoa ou ficarás a medio camiño? Pois tes que respectarte ao máximo.

Para comezar, pensemos niso que tanto soe preocupar: a túa imaxe, a túa carta de presentación. Non te angusties, busca o teu propio estilo e síntete orgullosa del. Non o tomes todo tan en serio e lembra que non temos que ser todos iguais, pois na diversidade está o gusto: cabelo longo, cabelo curto, con lentes de pasta, con mechas californianas, con ou sen piercings... O obxectivo é gustarse a un mesmo, sentirse seguro e contento. Ademais, a imaxe está para cambiala, que as modas veñen e marchan e podes ter mil caras se queres. Non esquezas que o máis importante son os teus valores e o teu carácter, e que o senso está no interior. Goza destes anos como descubrimento. Móstrate ceibe, aberto, crítico e curioso. O mundo está cheo de persoas e historias inesquecibles que se cruzarán no teu camiño e lle darán forma á túa vida. É hora de estableceres os teus principios. Se es respectuoso e coherente, se te comportas tal como pensas sen esmagar a quen te rodea, percorreras un bonito camiño. Non importa que te equivoques, iso é natural. Só é cuestión de rectificar, aprender dos erros e seguir avanzando.



Se coñeces os límites do respecto cara a ti mesmo e os demais, relacionarte será pan comido. Adéstrate respectando os teus compañeiros do colexio. Sexan ou non os teu amigos, debédesvos respecto. Como dicía o cantante Bob Marley: "O respecto por un mesmo remata onde comeza o respecto polo outro". Ás veces a liña é moi fina e podemos traspasala sen decatarnos, como de broma. Hai que estar atento para non ferir, nin deixar que ninguén vos faga dano.

Por que respectar os adultos, os pais, os profesores ou as persoas maiores? Pois porque o gañaron. Os anos dan coñecemento, sabedoría e experiencia. Busca tempo para estar con eles, escoitalos e prestarlles atención. Conscientemente ou non, daranche consellos e explicaranche historias das que aprender. O teu respecto devolverancho sobradamente.

Por último, pero non menos importante, respecta o planeta no que vives. Seguro que liches artigos ou viches na televisión algunha reportaxe na que se alerta sobre o estado da Terra: o compromiso dos seres humanos está provocando que cada vez haxa máis especies en perigo de extinción, máis contaminación da atmosfera e os mares, derrétese o xeo dos polos, tállanse os grandes bosques do planeta... Son noticias dramáticas, pero está na túa man poderes achegar o teu pequeno grao de area, para frear esta situación. Recicla todo o que poidas, non malgastes os recursos enerxéticos, reemprega todo aquilo que poida ter máis usos, reduce o consumo de cousas innecesarias... Todas estas accións son mostras de respecto cara ao noso planeta, que estamos obrigados a interiorizar e a transformar en rutinas da nosa vida diaria. Debémolo. Debémollo. Respecto.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

1

Namasté.



Obxectivo: na época actual, na que vivimos absorbi-dos polas pantallas dixitais, hai que ser quen de erguer a cabeza dos móbiles, das tabletas, dos ordenado-res..., e de mirar ao noso redor e saudar as persoas que nos rodean.



Ideas chave: observar a realidade e as persoas que a conforman; conectar coa mirada e cos saúdos; recoñecer a xente que te rodea e facerllo saber.



Recursos: colchóns, roupa deportiva e cómoda.



Desenvolvemento: hai que valorar cada novo día como un grande agasallo, estar agradecidos e sau-dar cada mañá as nosas familias, amigos e persoas coas que nos cruzamos. Organizarase unha clase de ioga. Comezarase saudando cun “Namasté” (palabra de orixe sánscrita, que significa “inclinación” ou “re-verencia”, que se utiliza para saudar) e practicaranse os exercicios do “**Saúdo ao Sol**”.



Na casa: aproveitar a fin de semana para ir facer a compra ao mercado cos pais. Ademais de axudar, os rapaces poderán comprobar que extravertidos e ama-bles son os dependentes das tendas: saúdan a todo o mundo. A que poñen de bo humor?



Máis: durante unha semana, os alumnos poden chegar un pouco antes ao colexio e recibir o resto de alum-nos, profesores e persoal da escola. Abofé que a todo o mundo lle gusta que o reciban cun “Ola, bo día” e un gran sorriso.

PC

2

Respecta os teus soños e a túa mente.



Obxectivo: querer-se como persoa, coas súas ideas, carácter e xeito de ser; sentir-se forte, único e espe-cial, e preparado para enfrontarse á vida. Respectarse e facerse respectar.



Ideas chave: traballar a autoestima; saber-se valorar por un mesmo sen precisar das críti-cas positivas dos demais; confiar nos instintos e o xeito de pensar de cada un.



Recursos: ordenadores con algún programa de deseño; impresoras; papel de adhesivo en branco; camisetas ou bolsas de tea para estampar con asas; tesoiras, modelos, aerosois.



Desenvolvemento: na clase de inglés, pensarase en slogans que fagan referen-cia á nosa estima e que nos dean ánimos para ser persoas fortes, capaces de afrontar calquera situación, e orgullosos de nós mesmos. Igual que os produtos de Mr. Wonderful, con slogans como “I look cool today”, “If you can dream it you can do it”, “Nothings is impossible”, “I can make it” etc. Logo, xogando, coa tipografía pódese desenvolver un deseño atractivo para imprimir adhesivos, camisetas ou bolsas.



Na casa: se como familia soñastes con facer unha cousa en común e, por un mo-tivo ou por outro, non o levastes a cabo (unha viaxe, plantar unha horta, camiñar as fins de semana), podedes propoñervos realizalo por fin. Organizade un plan de acción: vós podedes.



Máis: na clase poden ver vídeos de concursantes de talent shows [aquí](#) e [aquí](#). A priori, algúns destes concursantes non tiñan moita confianza neles mesmos. Todo comeza a funcionar cando comezan a facelo, cando se liberan de complexos e se atreven a alcanzar o seu soño.



PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

3

Coro: “Man in the Mirror”. Comeza cambiando ti.



Obxectivo: tal e como explica a letra da canción de Michael Jackson “Man in the Mirror”, nada é inamovible; se non nos gusta como somos, como pensamos ou como nos comportamos, nas nosas mans está cambialo.



Ideas chave: o conformismo non é solución a nada; os problemas resólvense actuando e cambiando o que sexa preciso para que as cousas funcionen. Nada é inamovible, se non te gusta como es ou o que ves ao teu redor, actúa.



Recursos: letra da canción “Man in the Mirror”, espazo onde practicar a canción, sistema de son, instrumentos.

*I'm starting with the man in the mirror
I'm asking him to change his ways
and no message could have been any clearer
If you wanna make the world a better place
Take a look at yourself, and then make a change
Take a look at yourself, and then make a change
Na Na Na, Na Na Na, Na Na, Na Na*



Desenvolvemento: trátase de crear un coro co obxectivo de interpretar, entre outras cancións, “Man in the Mirror”, de Michael Jackson. Na canción orixinal, o cantante americano contou coa presenza dun grupo de góspel, así que é un tema moi propicio para cantar xuntos. Ademais de traballar as voces, a idea é tamén traballar a letra. “Man in the Mirror” amosa un Michael Jackson humilde e concienciado co respecto cara ao planeta e ás persoas. Di que todo xesto miúdo conta e que o importante é actuar, aínda que sexa coa mínima contribución de cada un.



Na casa: pódese ver o [vídeo de “Man in the Mirror”](#) coa familia, no que aparecen tanto sucesos dramáticos da historia da humanidade como a utilización da bomba nuclear, a guerra de Vietnam, a situación de fame en Etiopía, a guerra do Salvador etc., así como personaxes valentes e incombustibles que loitaron por mellorar a nosa sociedade e o noso planeta, personalidades como Martin Luther King, John Lennon, la madre Teresa de Calcuta, Mahatma Gandhi, Nelson Mandela etc.



Máis: con varias cancións máis, organizarase un miniconcerto para o resto dos alumnos, profesores e familias, cunha entrada simbólica para unha acción solidaria.

PC

4

Segredos. Gárdosche un, gardarasme o meu?



Obxectivo: vivimos na era dixital, na que se teñen dúcias de recursos para expoñer imaxes, opinións e pensamentos á luz pública. Por iso, hai que ser máis consciente ca nunca da importancia e o valor da intimidade.



Ideas chave: intimidade, discreción, uso de internet e das redes sociais, onde comeza e remata a faceta privada de cada individuo.



Recursos: ordenadores ou encerado dixital.



Desenvolvemento: debate sobre o dereito á intimidade no que participarán os alumnos dando a súa opinión sobre onde deberían estar os límites: poden incluírnos nun grupo de WhatsApp sen preguntar? Poden etiquetarnos nunha foto de Facebook sen permiso? Poden enviarnos un correo electrónico con copia a outras persoas? Un grupo de alumnos fará de tribunal e o resto explicará casos (con imaxes ou vídeos de internet para ilustralos). O tribunal decidirá se se traspasa ou non o dereito á intimidade en cada caso.



Na casa: ás veces os adultos subestiman as preocupacións dos máis novos. Estes negociarán cos seus pais que se comprometan a non difundir os seus segredos ou anécdotas cando estas lles semellen demasiado persoais, por respecto á súa intimidade, tal como defende o artigo 18 e 20 da nosa constitución.



Máis: poden procurar [información das celebrities](#), como Justin Bieber, Katy Perry, Selena Gómez, Kendall Jenner, e ver como, ás veces, os seus segredos se filtran na prensa. A continuación poden iniciar un debate sobre o dereito á intimidade entre os famosos.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Tutorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

5

Supera os retos do respecto.



Obxectivo: propoñerse metas accesibles e alcanzables; controlar a autoexixencia pero asumir retos que vaian medrando.



Ideas chave: comprender a importancia do respecto, comezando por practicalo.



Recursos: papeis, bolsa de feltro, bolígrafos, carpetas.



Desenvolvemento: ler na clase os **Retos do Respecto** (ver a continuación). Logo, escribir os números do 1 ao 10 en papeis (segundo o número de alumnos) e dobralos. Colócanse nunha bolsiña e, sen mirar, collerán un cada un. Cada alumno comprometerase a levar a cabo o seu reto unha semana e explicar nun diario como puido superalo. Ao pasar a semana, explicarán como lles foi.



Na casa: coa familia, comprométense a levar a cabo os retos 2, 7, 8 e 10 durante dúas semanas. Se os pais e avós (o xurado) consideran que xa pasaron a proba, recompensaráselles cun serán de cine ou outro privilexio.



Máis: para reforzar as súas accións de superación do reto, pódese ilustrar o diario con imaxes que colgarán en Instagram ou en Twitter co hashtag #retorespectosuperado.

Os retos do respecto

1: non fales de ninguén que non estea presente. Se tes que dicirlle algo negativo, faino coma se puidese escoitarte.

2: se che botan unha rifa, escoita sen replicar. Ao rematar, explica os teus argumentos sen alterarte.

3: fala con alguén que opine distinto a ti sen discutir. Acepta que teña parte de razón e dereito a opinar así.

4: non envíes fotos de ninguén sen o seu permiso.

5: non contes un segredo que alguén che confiou.

6: infórmate sobre outra relixión, de onde vén, en que cre, que ritos ten...

7: sé puntual durante todo un mes nas túas citas "profesionais", do colexio, e persoais, coa túa familia e amigos.

8: cumpre: se dixeches que farás algo hoxe, faino.

9: non fagas o que sexa para ires con esa xente que che atrae e non che fai caso. Se teñen que ser os teus amigos, xa o serán.

10: escoita as historias que teñen que contarche os maiores sen interromper ou desconectar.

PC

6

Respecto. Esixe respecto, rapaza.



Obxectivo: rematar cos estereotipos das diferenzas ou superioridade entre sexos; reflexionar sobre ideas preconcebidas e erróneas sobre o xénero feminino.



Ideas chave: autoestima; ideas preconcebidas sobre diferenzas de xénero; diálogo aberto e enriquecedor sobre a figura feminina na sociedade.



Recursos: cámara de vídeo, ordenador con internet, programa para editar.



Desenvolvemento: os alumnos prepararán unha reportaxe periódica sobre algunha figura importante da **historia do feminismo**, como Mary Wollstonecraft (filósofa do século XVIII autora de Vindicación dos dereitos das muller). Wollstonecraft argumentou que as mulleres non son inferiores aos homes por natureza, senón que recibiron historicamente menos educación. Máis: Emmeline Pankhurst, Simone de Beauvoir, Virginia Wolf, ou as españolas Clara Campoamor ou Victoria Kent, entre outras.



Na casa: cos pais e avós, comparar a situación da muller na súa xuventude e na sociedade actual: educación, integración laboral, política, cultura... Teñen máis ou menos liberdade ca os homes? E oportunidades?



Máis: procurar as ideas que defenden as feministas actuais. Seguro que lles sorprende descubrir que algunha das máis activas son de sobra coñecidas entre o público adolescente (Taylor Swift, Beyoncé, Miley Cyrus, Emma Watson etc.).

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

7

Observatorio do respecto. Exixir e dar.



Obxectivo: o respecto e a falta deste é unha constante na casa, no colexio, na sociedade. Observar e distinguir os diferentes comportamentos e decidir como ser.

Recursos: ordenador con conexión; Power Point ou semellante; **imaxes dixitais**; impresora para escanear e imprimir.

Desenvolvemento: o profesor proporá facer un traballo sobre o concepto do respecto na sociedade actual. Os alumnos, por grupos, escollerán unha temática (política, prensa, deportes, publicidade, convivencia). A idea é atopar exemplos de comportamentos respectuosos e irrespectuosos ("hai programas de televisión nos que as persoas que participan no faladoiro se insultan", "hai moita xente agresiva ao volante", "ninguén se ergue no transporte público por unha persoa maior etc."), reflexionar e tirar conclusións: somos máis ou menos educados ca as xeracións anteriores? Temos máis ou menos normas? Quen as cumpre mellor: os nenos, os adolescentes, os maiores?

Na casa: despois de analizar as diferentes actitudes irrespectuosas, aplicaremos o respecto á familia (aos horarios, ás tarefas compartidas, a escoitarnos) e aos veciños (aguantando a porta se pasan, axudándoos coas bolsas se son maiores...). A cambio "só" recibirán agradecemento e moito respecto.

Máis: tras tiraren as conclusións pertinentes, os alumnos redactarán un protocolo de comportamento para cada sector inspirado no respecto. O obxectivo principal sería erradicar algúns dos comportamentos irrespectuosos que detectaron.

PC

8

As mesmas debilidades ca ti.

Obxectivo: cando as súas necesidades básicas están cubertas, a xente móstrase forte, autosuficiente e pode pensar que é superior ao resto; espidos e sen protección todos os seres humanos somos iguais, coas mesmas debilidades e necesidades.

Ideas chave: pensar nas orixes; cando nacemos desprovistos de calquera ben material, temos necesidades básicas e debilidades: fame, sede, limpeza, coidados etc.

Recursos: cartolinas, rotuladores de cores, máquina de plastificar, dados etc.

Desenvolvemento: en titoría, prepárase por grupos un xogo de mesa de supervivencia con cartolinas, rotuladores e máquina de plastificar, se se dispón dalgunha na escola. Cada grupo pode crear as súas propias normas, pero todos deben utilizar artigos básicos (comida, bebida, menciñas etc.) como elementos que se poden obter, se se vai gañando, ou perder, se as cousas non van dabondo ben, no xogo. Poden imaxinar que están en escenarios diferentes, como unha illa deserta ou un país descoñecido e afastado. Todos os xogadores parten de igual condicións e teñen que prometerse respecto ao longo da partida.

Na casa: os alumnos falarán cos avós ou as persoas máis vellas da familia sobre como era a vida cando eles eran novos e dispoñían de menos recursos tras sufrir unha guerra. Había máis ou menos respecto entre as persoas daquela?

Máis: a partir do **xogo de supervivencia**, crearemos un documento no que expoñamos por puntos as nosas necesidades primarias e debilidades que nos igualan (Ex.: todos precisamos comer e beber, atención médica se estamos doentes, protección se temos medo, hixiene para mantermos limpos e sans etc.).

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

SC

9

Qué significa “ser”?

Objetivo: cada ser humano é un conxunto de ingredientes que mesturados e cocinados se convierten nunha receita única e exclusiva. Eses ingredientes chave son o noso xénero, as nosas orixes, a nosa cultura, as nosas crenzas e ideoloxías. Hai que sentirse sempre orgulloso deles e respectar os ingredientes do resto das persoas.

Ideas chave: ser un mesmo, coas súas raíces, a súa cultura, as súas crenzas, as súas opcións sexuais. Todos somos moitas cousas; non aceptalo leva ao racismo, á xenofobia, á homofobia, á intolerancia...

Recursos: impresoras, rotuladores de punta grossa, celo, chinchetas.

Desenvolvemento: os alumnos buscarán fotografías de personaxes públicos aos que admiran, xa sexan de orixe, culturas, crenzas e tendencias sexuais diferentes, e imprimíranas. Logo poden escribir sobre a imaxe unha frase que describa a súa orixe, crenza ou tendencia sexual, sen complexos. Con elas poden montar unha exposición nalgún espazo da escola para que todos os alumnos poidan visitala.


Na casa: afondar na súa árbore xenealóxica: de onde eran orixinarios os seus avós maternos e paternos?, que lingua falaban?, cal era a súa relixión? Canta máis información se poida recoller, máis coñecerán quen son e de onde veñen.

Máis: ver o [vídeo](#) da campaña titulada “Respect” da UEFA. Protagonizado por xogadores de orixes diferentes como Messi, Neymar, Ronaldo, Christian Bale ou Benzema, cada un, na súa lingua de orixe, pide algo moi sinxelo e claro: “Respect”.

SC

10

Analizamos as frases que se din.



Objetivo: analizar a linguaxe oral e como se fala; estudar o argot e as frases feitas que se utilizan. Ás veces responden a estereotipos ou conceptos falsos e empregámolos sen sermos conscientes.

Ideas chave: analizar a linguaxe oral; analizar frases feitas e palabras que se utilizan a diario; reflexionar antes de falar.

Recursos: ordenadores con conexión, reprodutor de música.

Desenvolvemento: analizar a linguaxe que se utiliza en diferentes programas radiofónicos para adolescentes, películas xuvenís, letras de cancións (hip hop, rap, reggaeton), comentarios e críticas de blogueiros etc. Seguro que atopan máis dunha palabra, expresión ou comentario irrespectuoso. Distinguir entre falta de respecto persoal ao establecido, entre rebeldía, e grosería ou fondo irrespectuoso (contra a muller, outras culturas etc.).

Na casa: procurar [cancións da época](#) na que os pais eran adolescentes para analizar as súas letras e se utilizaban algunha linguaxe irrespectuosa. Pensar nos anos en que houbo censura e analizar alegorías ou metáforas.

Máis: a partir de letras de cancións, guións de cine e teatro, comentarios en Youtube etc., os alumnos reescribirán os textos para amosar que a linguaxe é rica, variada e divertida sen necesidade de seren irrespectuosos. Ver cando ser irrespectuoso resulta cómico e, en realidade, non fere a ninguén máis que ao statu quo.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Tutorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

SC

11

Tutorías sobre dilemas do respeto.

¡menuda dilema!

Objetivo: reflexionar sobre cuestións de convivencia sobre supostos prácticos e que expoñen dilemas, toma de decisións ou implicación persoal. O programa “Vaia dilema” complementa o “Párate para pensar” e ofrece unha posibilidade de xogo e dinámica da clase achegando unha faceta práctica, con propostas sinxelas pero que fan que os adolescentes tomen partido e proben o seu nivel de madurez.

Ideas chave: reflexión, ética e casos prácticos.

Recursos: ordenador con acceso a internet.

Desenvolvemento: conectarse ao programa na [seguinte ligazón](#) e escoller unha das propostas para Secundaria (Grandes dilemas), xa sexa no ámbito dos dilemas persoais, comunicativos ou sociais. Atopáredes unha extensa base de dilemas na hemeroteca e, ademais, as propostas renóvanse quincenalmente. Todos, dunha maneira ou doutra, aluden ao respecto entre persoas, no ámbito familiar ou escolar ou na vida cotiá dun adolescente.

Na casa: “Vaia dilema” pode levarse á familia, onde todos poden tomar partido por unha ou outra opción, sen que ningunha sexa realmente correcta ou incorrecta, senón que implica un nivel ou outro de madurez ética.

SC

12

Aprender a dominar a ira.



Objetivo: reflexionar sobre por que se teñen arrebatos de enfado e ira ante diferentes situacións; canalizar a enerxía negativa cara a posicións máis abertas e construtivas.

Ideas chave: controlar os sentimentos de enfado e ira; analizar, reflexionar, dar un paso atrás e procurar solucións obxectivas antes de poñermonos de mal humor; evitar estes comportamentos por respecto aos nosos compañeiros, profesores, familiares etc.

Recursos: encerado dixital, televisión ou pantalla grande para poder ver unha película.

Desenvolvemento: ver a película La Clase (2008) ([trailer](#)), do director francés Laurent Cantet. O filme narra as experiencias dun profesor de Literatura nun instituto de Secundaria no distrito 20 de París, onde se mestura alumnado de culturas e nacionalidades diferentes. Estas diferenzas fan que algúns rapaces se sintan inferiores e a ira explote continuamente entre eles, contra o profesor e contra a sociedade. Farase un cinefórum para comentar os motivos de sentirse inferiores ou como canalizarían eles esa ira.

Na casa: propoñerlles aos pais realizar un test sobre o control da ira no ámbito profesional (fai clic [aquí](#)). Despois poden comentar o resultado en familia e extrapolar conclusións para aplicalas no día a día.

Máis: procurar novas relacionadas co sentimento de ira na prensa, convertidas en sucesos. Penduraranas nun taboleiro de anuncios, que permitirá pararse a mirar en conxunto a onde levan esas explosións de agresividade.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Tutorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

13

Tutoría profesorado: O modelo de respecto que son.

Obxectivo: o profesor é unha figura chave para educar os alumnos no valor do respecto cara a eles mesmos, á escola, á familia e á sociedade na que viven. Para que a mensaxe lles chegue sen fisuras, o profesor debe ser o primeiro exemplo para seguir.

Ideas chave: tolerancia, apertura de miras, ira e envexa nos adultos. Como os seguimos vivindo tamén os profesores e como os superan idealmente as persoas maduras.

Recursos: follas, bolígrafos, caixa do correo para a sala de profesores.

Desenvolvemento: preparar un test onde se avalíen valores como os mencionados nas "ideas chave". A avaliación farase con "Moi respectuoso", "Respectuoso", "Correcto", "Pouco respectuoso" e "Moi pouco respectuoso". Cada profesor avaliará o resto de docentes de maneira anónima. Posteriormente, cada profesor recibirá a súa avaliación. Se os resultados non son os que agardaba poderá facer unha reflexión sobre como mellorar.

Máis: facer un gráfico co conxunto de resultados. Así, os profesores terán unha idea máis obxectiva sobre a



14

SC

Envexa. Felicítote por facelo ben.

Obxectivo: analizar o sentimento negativo da envexa; intentar racionalizar por que queremos ser como outras persoas, ter o que outros teñen, actuar como outros se comportan. Aceptar e quererse tal e como un é, resulta básico e fainos grandes.

Ideas chave: causas da envexa, canalización cara a posturas máis positivas.

Recursos: ordenador con conexión a internet, impresora.

Desenvolvemento: a partir desta entrevista ([ver ligazón](#)) co psicólogo Rafael Santandreu analizarán algunhas reflexións para combater a envexa: "Só podemos gozar do mundo se estamos dispostos a renunciar a el"; "Do que non estamos dispostos a renunciar, volverémonos escravos"; "A maneira correcta de gozar das cousas é sabendo que non as precisas, que as podes perder e non pasaría nada"; "Hai un axioma en psicoloxía que di que só seremos fortes e extraordinarios de verdade se estamos dispostos a ser os últimos do pelotón" etc.

Na casa: os pais poden explicar algunha situación de envexa que vivisen. Os fillos deberán adiviñar se os seus pais eran "os envexosos" ou "os envexados". Sexa cal sexa a súa posición, a idea é reflexionar sobre o absurdo da envexa.

Máis: os alumnos farán unha listaxe sobre as cousas que envexan dos seus ídolos (o cabelo, os músculos, as tatuaxes, a roupa, o estilo, a súa personalidade, as súas parellas, o seus cartos etc.). Deseguido escribirán un texto sobre como imaxinan que sería a súa vida se tivesen esas calidades que envexan: serían máis ou menos felices do que o son agora?



PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

R^R

Titorías de reciclaxe.

O RESPECTO



Se respectar é ter en consideración alguén ou pensar nel antes que facer algo..., que será o respecto polo medio ambiente? Pois algo semellante: pensar que cada acción que realizamos ten un impacto e deixa unha pegada no medio ambiente.

Se queremos que o noso planeta estea en equilibrio e non rematemos cos seus recursos, temos que telo presente en todo o que fagamos, temos que respectalo. Ese respecto tradúcese non só en pensamentos positivos e en agarimo cara a natureza, senón tamén en actos de verdade. Dicar que respectas o medio ambiente está ben, pero está aínda mellor que o amoses no teu día a día.

Non é tan difícil, trátase de que, sinxelamente, cumpramos coa túa parte. Como? Adoptando hábitos sostíbeis; por exemplo, sendo consciente de que a enerxía, a auga ou os recursos son limitados, que podemos esgotalos. Velaí a importancia de reciclar os residuos que producimos no fogar ou na escola.

Se os envases de plástico, latas, metal ou briks os levamos ao colector amarelo, se o papel e os envases de cartón os levamos ao azul, ou se os de vidro os levamos ao verde, contribuímos a que eses materiais teñan unha nova vida e non haxa que consumir máis materias primas ou tanta enerxía ou auga coma se os fixésemos con materiais novos. É unha gran forma de amosar o teu respecto polo medio ambiente.

15^R

ecoembes

Reciclar, fágoo por min (e polos demais que aínda non chegaron).



Obxectivo: o acto de reciclar relaciónase directamente co dereito a un medio ambiente san, a gozar da natureza, e co dereito á saúde. Cantos máis sexan os que desexen converter os residuos en recursos, maior sustentabilidade conseguiremos e máis se salvagardarán estes dereitos.



Ideas chave: sensibilización, valores, respecto medioambiental, dereitos e deberes cara ao planeta que todos compartimos.



Recursos: correo electrónico ou teléfonos móbiles.



Desenvolvemento: imos facer unha cadea que difunda a causa da reciclaxe. Enviarán unha mensaxe (electrónica ou instantánea) polo menos a 10 persoas que lles importen. A mensaxe ten que comezar por "Reciclar, fágoo por ti, e fágoo por min" e dúas frases que expliquen por que o fan e por que eles o teñen que facer tamén. Pedirase que o seguinte pase esa mensaxe a outras 10 persoas, engadindo a súa parte de "por que o fago".



Na casa: moitas persas explican que reciclan porque queren deixarlles un bo legado ás vindeiras xeracións, que o fan polos seus fillos e netos, aos que lles tocará vivir as consecuencias dos seus actos. Como ven na túa casa este legado? Inflúelles tamén? Pregúntallelo aos teus pais, aos teus avós, a outros familiares ... Pensas que ti tamén sentirás o mesmo cando sexas maior? E agora, xa sentes esa responsabilidade?



Máis: aquí atoparedes o vídeo da campaña "Ti", que esperta a conciencia do cidadán sobre o coidado da natureza, e tamén atoparedes "O noso legado", que Ecoembes realizou xunto ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

15

16

R

Que pasa cando...?



Obxectivo: recoñecer os “impropios”, obxectos que ou non son envases ou foron mal separados e colocados nun colector incorrecto. Descubrir a perda de eficiencia que supoñen para os sistemas de selección e como poden estragar outros envases e acabar todos eles no vertedoiro.



Ideas chave: calidade do material reciclado, impropios e esforzo colectivo.



Recursos: tarxetas para copiar as preguntas e repartilas. [Esta infografía](#).



Desenvolvemento: procurar información e responder a estas preguntas sobre o destino dos “impropios”: que pasa cando unha caixa de pizza graxenta cae sobre un papel e cartón limpos? E que provoca unha cinta de vídeo ou un cable de plástico que se colan no colector amarelo e chega a cinta de selección? Que ocorrerá cando cheguen pratos e vasos de cristal e se fundan co vidro? Onde van parar os obxectos de plástico que non son envases pero están no colector amarelo? E se unha morea de cueiros sucios van ao colector de papel porque alguén pensou que son celulosa? Que farías ti se tiveses unha empresa de reciclaxe, foses mercar plástico para os teus produtos e estivese mesturado con outras cousas que non son ese tipo de plástico que precisas?



Na casa: unha vez sacadas as conclusións, poderás trasladar os teus coñecementos ao teu lar e mirar de forma crítica a súa propia selección de residuos, descubriendo os posibles erros ou compromisos e achegando trucos para evitalos no futuro.




Máis: sacar fotografías dos colectores de cores máis achegados para analizar os símbolos que nos indican que NON vai alí e que SI se pode depositar. [Aquí](#) atoparedes un vídeo que vos amosa de forma comprensible como funciona a planta de selección.

17

R

Encántame ser así.



Obxectivo: apreciar que cada envase é valioso, pois cada material, a pesar de ser diferente, ten as súas características únicas. A diversidade de materiais ofrécenos moitas vantaxes para o benestar das persoas: conservar, protexer, facilitar...



Ideas chave: características, individualidade, diversidade, vantaxes, utilidade e autoestima.



Recursos: envases limpos, adhesivos de distintas formas para crear ollos, bocas, orellas.



Desenvolvemento: en grupos ou individualmente, escóllese un tipo de envase e procúrase as vantaxes de ser dese material: que lle poderían botar en cara e como respondería?, que outros envases o poderían defender? Poderán engadirles trazos faciais coma nos cómics e globos de texto que resuman nunha frase o seu principal valor.



Na casa: por que escollemos un tipo ou outro de envase? Na compra semanal ou mensual, preguntaranlles aos seus pais con que criterios os escollen e se poderían probar outros noutras situacións (nunha excursión, nun xantar de moitas persoas etcétera).



Máis: crear un xogo de “defende a...” para asumir unha ou outra perspectiva. Pode aplicarse facilmente ao mundo dos envases, nos que ás veces algúns teñen unha mala prensa inxustificada, se se valoran tamén as súas vantaxes e a súa capacidade de reciclarse. Gaña o que máis argumentos a favor dun material atopa.

PÁRATE *para pensar*



**ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA**

**PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA**

CONTRIBUÍENDO AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017

50

**TITORÍAS CON SENTIDO
PARA TODOS OS CICLOS
EDUCATIVOS**



a convivencia



PÁRATE *para pensar*



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA

PC

Primeiro ciclo

SC

Segundo ciclo

R

Recicla

50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

Coa colaboración de:


ecoembes

a convivencia

Normas para isto e para o outro... Hai que seguir as normas, teñan ou non sentido para ti. Os pais sempre teñen as mesmas palabras na boca: respecta as normas da casa, o regulamento da escola, sigue os horarios... Todas son regras! A que ven tanta insistencia se semellan ser só convencións arbitrarias? Será porque esas normas, que se basean no respecto do que xa faláramos, son froito da negociación e o consenso e son básicas para a convivencia e para a “pegada” que vas deixar tras o teu paso pola vida e polo planeta.

A boa convivencia hai que poñela en práctica desde o fogar. Xa non es un neno e tes que ser máis activo na casa. Mostrar respecto sería axudar no que poidas, amosando que es autónomo e que valoras o que eles fan por ti: fregar os pratos, varrer, recoller a roupa, poñer e quitar a mesa, preparar a merenda, facer a compra... Sodes un equipo onde todos colaboran. E se vos distribuídes o traballo estaredes máis descansados e de mellor humor.

Tamén hai que intentar entender as normas que che marcan, porque, non sexas escéptico, non son aleatorias nin as fixeron para amolarte. Os horarios, a orde, a limpeza, o gasto etc. fan a convivencia máis doada e tranquila. Se os teus pais non che deixan saír pola noite é porque pensan que aínda non tes idade para iso e non é seguro; se non che dan máis cartos é porque non poden ou porque consideran que non os precisas; se che piden que recollas a roupa sucia do cuarto é porque a orde e a limpeza evitará que se acumule o traballo; e así, habería explicacións ata o infinito. Pero non é preciso, só hai que pensar, aínda que non esteas sempre de acordo, que as normas buscan o ben da familia e mais o teu. Se cres que se poden cambiar para mellor, participa e fala, expón as túas ideas e, se son boas para todos, seguro que atopas unha audiencia entusiasta.



Esa mesma convivencia respectuosa tamén se debe dar na escola. Máis alá das xerarquías ou dos convencionalismos, é imprescindible amosar respecto polos profesores e os adultos que traballan no teu centro, sexa cal sexa a súa función. E, por suposto, tamén tes que convivir en paz cos compañeiros de clase e do colexio. Todos sodes iguais e todos merecedes respecto e xogades coas mesmas regras. Ninguén é mellor ca ninguén, nin ninguén ten dereito a saltalas. Defende o teu dereito a convivir en igualdade, móstrate firme, convencido e seguro, e síntete na obriga de denunciar todo aquel que non estea disposto a seguirlas polo seu beneficio, facendo sufrir os demais. O bo das normas é que, se todos as seguen, contarás con moitos apoios que as farán valer, comezando polo teu centro escolar e continuando polas institucións que entre todos creamos para vivirmos na mellor harmonía posible.

Convivir no teu colexio e na casa é o teu campo de prácticas, porque detrás das súas paredes está o mundo real, algo así como a selva. Ás veces da medo, verdade?, e outras pensarás que o rematarás en dous bocados, que o puxeron aí para ti. Pois nin unha cousa nin a outra: nin arrogante nin asustadizo. Se vas interiorizando pouco a pouco os conceptos de respecto e convivencia, comezando pola familia e seguindo polo colexio, o que veña despois será máis sinxelo para ti do que pensas. Só se trata de aplicar sempre o respecto a todo o que che rodea, aos compañeiros de traballo, ás normas sociais e ao planeta que permite que a vida siga existindo. E participar no xogo, coa responsabilidade de quen leu o libro de instrucións, escoitando, observando, coidando, mimando, compartindo e demostrando que ti si que podes. Con todos estes verbos ben conxugados terás feita boa parte do traballo para triunfar. Como persoa e como ser humano. Pódese pedir máis?

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

18

Tempo para coñecérmonos mellor.



Obxectivo: preocuparse por estreitar os vínculos cos compañeiros da clase; xerar relacións baseadas no respecto aos puntos en común e ás diferenzas.



Ideas chave: reforzar vínculos; procurar temas e gustos persoais comúns que unan e permitan coñecer mellor as persoas que nos rodean.



Recursos: cartolinas, tesoiras, rotuladores, impermeables.



Desenvolvemento: organizarase unha sesión de speed dating. Na realidade, nestas sesións atópase un grupo de persoas mixtas, que establecen conversación por parellas durante un tempo reducido (uns sete ou oito minutos) para coñecerse minimamente e pensar se no futuro lles gustaría coñecerse mellor. No noso caso, os alumnos xa se coñecen, polo que se trata de falar cos compañeiros cos que teñen menos contacto e afondar un pouco máis sobre os seus gustos persoais, as súas afeccións, a súa maneira de pensar etc. Colocarán tantas mesas como parellas e o profesor organizará quen fala con quen e cada canto hai que cambiar de parella. Os alumnos farán unhas etiquetas co seu nome e unha afección e poñeranas como presentación.



Na casa: nos Estados Unidos hai o costume de, cando chega un novo veciño ao barrio, invitálo a tomar un té, un café ou un anaco de pastel. Así se coñecen mellor e mellora a convivencia, polo simple feito de tratarse. Aínda que non sexas novo nin na escaleira nin no teu barrio, convida os teus veciños a merendar. Nunca é tarde para estreitar lazos.



Máis: como nas **speed dating** de verdade, os alumnos, ao finalizar a sesión, escollerán o candidato que máis lles gustase e pediránlle compartir con el/ela algo máis de tempo: poden ir merendar un día xuntos ao saír do colexio, invitálo á casa a xogar á consola, ir ao cine etc. Canto máis se coñezan, máis se respectarán.

PC

19

Moléstache? Regras de convivencia.



Obxectivo: entender que para ter unha convivencia cordial hai que ser respectuoso coas normas e tolerante cara a forma de pensar ou comportarse dos demais.



Ideas chave: apertura de miras, permisividade, tolerancia e eliminación de prexuízos.



Recursos: fotografías, gravacións, recortes de xornais ou revistas; cartolinas e bolígrafos.



Desenvolvemento: a convivencia baséase en normas (escritas ou non) que se supón que todos coñecemos e respectamos: **normas de circulación**, horarios, límites de volume ou circuitos para desfacerse dos **residuos**. Pero non todo é branco ou negro, senón que adoita ser de distintos tons de gris que fan que se flexibilicen os límites: o aspecto físico, os seus comportamentos en público, comentarios etc. Cada alumno trae un exemplo da prensa ou do día a día e entre toda a clase decídese en cada caso se hai que ser permisivo ou ser máis estrito.



Na casa: dar un paseo e falar sobre as cousas que vemos: amólanos se alguén vai cheo de tatuaxes? E se vemos unha parella bicándose? Amólanos os vehículos ruidosos? E os cans que mexan nas beirarrúas? A vida é pura convivencia e hai que decidir ante que situacións somos permisivos ou non.



Máis: a partir dos murais e as situacións expostas, **crearemos un test** para que o cubra o resto das clases de secundaria. Os alumnos teñen que decidir en cada situación exposta se cren que se debería normalizar ou se é mellor ser máis permisivo.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

20

Convivir coa discapacidade.



Obxectivo: aceptar as diferenzas entre individuos, valorar as persoas que teñen unha discapacidade, procurar o xeito de facerlles a vida máis doada.



Ideas chave: discapacidade, diversidade, convivencia cívica, superación e adaptación.



Recursos: cintas adhesivas co símbolo de discapacitado co lema "Admírote".



Desenvolvemento: analizar as necesidades cotiás das persoas discapacitadas e a súa tradución en dereitos cívicos ou "vantaxes". Cada quen analiza unha delas: aparcamento, descontos fiscais, descontos para as empresas que os contratan, bordos suavizados, ascensores e descontos nos transportes públicos, aceptación de cans guía, pensións, adaptación do carné de conducir, prezos especiais para actividades como cursos ou obradoiros... Cada alumno procura a orixe desa "vantaxe", a necesidade, a historia dese logro social, para que serve e que acontecería se non existise. Todos pegarán unha cinta adhesiva de discapacidade co lema "Admírote" nas súas carpetas, carteiras ou libros como recoñecemento das persoas que conviven e superan a diario estas dificultades.



Na casa: pensaremos en exemplos de persoas con discapacidades na familia, xa sexa por enfermidades ou por redución da mobilidade etcétera. Preguntaranse polas dificultades no seu día a día e se o teñen en conta cando se relacionan con eles.



Máis: guía de recursos para traballar a discapacidade en secundaria de capacidadymas.com.

PC

21

Respecto ao que non está.



Obxectivo: unha das chaves da convivencia é ser honesto e consecuente, sen dedicarse a rumorear, rexoubar ou criticar os que non están presentes.



Ideas chave: ser respectuosos sempre con todas as persoas aínda que non estean presentes; a súa ausencia non dá carta branca para falar mal ou murmurar sen máis.



Recursos: unha cámara de gravación; un ordenador ou un encerado dixital para ver as imaxes que gravamos.



Desenvolvemento: en grupos reducidos, o profesor propoñerlles aos alumnos que falen sobre outros compañeiros que non se atopan nese momento: como os describirían, como avaliarían o seu comportamento, como se relacionan con eles etc. O profesor explicarlles que os está a gravar e que logo toda a clase poderá ver esas gravacións. Seguro que os alumnos se mostrarán máis comedidos e respectuosos ao falar.



Na casa: xunto cos pais, decidirse ou ben non mirar ou ben mirar criticamente os programas de televisión onde se fale de terceiros de maneira crítica, irrespectuosa e ferinte, co único obxectivo de conseguir máis audiencia.



Máis: analizar a expresión "Ollos que non ven, corazón que non sente". É verdade que se non vemos como se rin ou falan mal de nós non nos fan dano?

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES PARA EDUCACIÓN SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOLAO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido para todos os ciclos educativos

PC

22

Mófate dos teus prexuizos.

 **Obxectivo:** valorar eticamente as situacións ás que se ven expostos día a día, coñecerse mellor a si mesmos e descubrir os propios prexuizos, as contradicións entre os seus actos, desexos e pensamentos para comezar a actuar de forma madura e xusta. Distinguir entre o politicamente correcto e o eticamente correcto.

 **Ideas chave:** sinceridade, sentir e pensar, coherencia, ética e humanidade.

 **Recursos:** fichas de cartolina para apuntar chistes. Ordenador con conexión a internet.

 **Desenvolvemento:** procurarán chistes nos que se utilice un tópico ou un prexuizo e do que sexa doado tirse (chistes machistas, racistas, homófobos...). Despois analizarase máis seriamente se responden a un prexuizo que teñen e por que ou como o adquiriron. Ten unha base real? Esa crenza fai dano e racha a convivencia. Ao remataren romperán simbolicamente a súa ficha-chiste dicindo “Xa non ten graza”.

 **Na casa:** analizaremos xuntos que prexuizos temos, se respondemos sinceramente ou de xeito politicamente correcto. Levaremos máis alá as preguntas: non es xenófobo pero impórtache ter un estranxeiro como veciño? E de compañeiro de traballo? E como familiar? Intentarán dar resposta honestamente e poñerse na pel das persoas que son etiquetadas e discriminadas para ver a necesidade de romper con eses prexuizos.

 **Máis:** fai clic [aquí](#) para consultar unha unidade didáctica para educar na tolerancia, coñecendo estereotipos e prexuizos. Entra [nesta web](#), onde te orientarán, con doados pasos, para superar prexuizos ocultos.

PC

23

Non é divertido ver sufrir.



 **Obxectivo:** a violencia forma parte do noso día a día, tanto a través de historias reais como ficticias. Creamos certa tolerancia que nos fai de barreira para que non nos afecte. Pero non podemos afacernos: hai que detectala e ver cara a onde conduce.

 **Ideas chave:** pararse a pensar na violencia que nos rodea; afondar no porqué das cousas, ter empatía; reflexionar sobre como se podería transformar a violencia.

 **Recursos:** ordenador con conexión a internet; Power Point ou similar; imaxes dixitais.

 **Desenvolvemento:** o profesor dividirá a clase en grupos. Cada grupo terá que escoller un tema para crear un póster sobre un tipo de violencia: os conflitos bélicos, a violencia de xénero, a violencia por crenzas relixiosas radicais, nos videoxogos, no cine, no mundo do deporte etc. Cada póster terá tres propostas que axudarán a mellorar ou atenuar ese tipo de violencia.

 **Na casa:** aínda que nos pareza que a nosa familia é un núcleo insignificante, todo esforzo suma. Podemos erradicar na casa calquera tipo de violencia física ou psicolóxica: os berros, as pelexas, as malas condutas etc. non son aceptables. Co diálogo e a negociación pode resolverse calquera conflito.

 **Máis:** na escola tamén xorden problemas. Pódese crear unha comisión de mediación entre os alumnos da ESO para axudar a resolver os devanditos conflitos entre os alumnos de xeito pacífico e dialogado. Aquí tedes [un exemplo](#).

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

24

Grandes dilemas sobre convivencia.

¡menudo dilema!



Obxectivo: reflexionar sobre cuestións de convivencia sobre supostos prácticos e que expoñen dilemas, toma de decisións ou implicación persoal. O programa “Vaia dilema” complementa o “Párate para pensar” e ofrece unha posibilidade de xogo e dinámica de clase achegando casos prácticos, con propostas sinxelas pero que fan que os adolescentes tomen partido e proben o seu nivel de madurez.



Ideas chave: reflexión, ética e casos prácticos.



Recursos: ordenador con acceso a internet.



Desenvolvemento: conectarse ao programa na [seguinte ligazón](#) e escoller unha das propostas para Secundaria (“Grandes dilemas”), xa sexa no ámbito dos dilemas persoais, dos comunicativos ou dos sociais. Aínda que as propostas se renovan quincenalmente, hai unha extensa base de dilemas na hemeroteca. Todos, dunha maneira ou doutra, aluden á convivencia entre persoas na vida cotiá dun adolescente.



Na casa: “Vaia dilema” é un programa pensado tamén para levalo ás familias, onde todos os membros poidan tomar partido por unha ou outra opción, sen que ningunha sexa realmente correcta ou incorrecta, senón que implica un nivel ou outro de madurez ética.

SC

25

Fotos non, grazas. Respecto á intimidade, á imaxe e ao honor.



Obxectivo: na nosa sociedade, a imaxe converteuse nun sinal de identidade para mozos e adultos; as comunicacións inmediatas e as redes sociais permiten que as nosas fotografías as vexan persoas de todo o planeta. Todo un logro. Pero hai que ir con coidado: non todo o mundo quere estar así de exposto.



Ideas chave: hai que respectar as normas de convivencia. Cando unha persoa non quere que lle fagan unha fotografía é que non e punto; todos temos dereito á nosa intimidade.



Recursos: fotografías en papel ou dixital; máquina de plastificar; ordenadores con conexión a internet.



Desenvolvemento: os alumnos analizarán en primeiro lugar o que significa o Dereito á intimidade defendido en textos legais coma a Convención dos Dereitos do Neno ou a Constitución española (artigos 18 e 20). Procurarán imaxes nas que se vulnere o dereito á intimidade, xa sexa porque se trata dunha situación comprometida ou simplemente porque a persoa non quería que a captasen: celebrities mostrando partes íntimas debido a un descoido, fotografías de persoas “cazadas” coqueteando con outras persoas que non son a súa parella oficial, familias famosas que non queren que se publiquen imaxes dos seus fillos etc. A continuación, a clase reflexionará sobre o perigo das fotografías roubadas e poderán expor exemplos máis achegados que lles afecten no seu día a día.



Na casa: cos pais, buscarán fotos súas que estean nas redes sociais e reflexionarán se lles gusta ou non que sexan expostas publicamente e por que. Tamén pensaremos na repercusión que esas imaxes poderían ter no noso futuro.



Máis: organizar un roleplay no que os alumnos imaxinen diferentes situacións que poderían darse na vida real, na que algún compañeiro quixese facerlle unha foto sen o seu consentimento. Ensaia **xeitos de negarse** de maneira educada pero firme: “Por favor, non quero que me fagas unha foto”, “Díxenche que non e non quero que o fagas sen o meu consentimento”, “Sabes que facer fotos sen permiso é un delito?”. Hai que practicar para que todo o mundo reciba a nosa mensaxe de xeito claro e directo.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

SC

26

Cancións que falan diso.



Obxectivo: coñecerse mellor estreita os lazos e mellora a convivencia; pero cando estes lazos son estreitos de máis prodúcese o efecto contrario e pérdese o respecto aos pais, aos irmáns, á parella etc.



Ideas chave: ter unha relación íntima con alguén, como parella, non dá dereito a controlala, darlle ordes ou dominala. As relacións teñen que basearse no respecto.



Recursos: letras de cancións para analizar; reprodutor de son con altafalantes.



Desenvolvemento: os alumnos procurarán cancións nas que, na letra, se fale de relacións pouco sas entre parellas: con actitudes de celos, control, chantaxe psicolóxica etc. (Ex.: "Suspicious Minds", de Elvis Presley; "Jealous Guy", de John Lennon; "Possession Obsession", de Hall & Oates; "María se bebe las calles", de Pasión Vega etc.). O profesor, introducindo o tema a través destas cancións, pode alertar sobre un problema tan grave. Ninguén pertence a ninguén. Sexamos ou non sexamos parella, todos somos individuos libres e, desde o respecto, comportámonos como mellor nos parece. Ninguén nos pode controlar nin dicir que debemos pensar ou como debemos actuar. Se te deixas dominar perderase a túa esencia e faranche sentir débil. Ante estas actitudes, tolerancia cero.



Na casa: cos pais poden ver un día a película [Amy](#), un filme biográfico sobre a cantante de soul Amy Winehouse. Esta cantante de soul, a pesar da súa potente e marabillosa voz e de ser toda unha estrela do mundo da música, sempre se viu sometida ás ordenes do seu mozo e posteriormente marido, Blake Fielder-Civil.



Máis: recursos de cancións que nas que se trate este tipo de relacións, [aquí](#).

SC

27

Respecto *versus* abuso.



Obxectivo: reflexionar sobre a igualdade entre todos os seres humanos e de como as nosas diferenzas enriquecen a sociedade. Hai que erradicar a violencia física e psicolóxica por motivos de xénero, de idade ou simplemente de indefensión e vulnerabilidade. Ante situacións de conflito hai que esixir respecto.



Ideas chave: respecto e poder, control, vulnerabilidade, indefensión.



Recursos: ordenadores con conexión a internet, impresoras.



Desenvolvemento: para seren conscientes da gravidade da situación, os alumnos terán que preparar un traballo monográfico sobre os diferentes xeitos de violencia como el bullying (na escola), o mobbing (no traballo), a violencia de xénero ou os abusos a menores. Terán que dar [cifras de casos na actualidade](#), xurisdición, consecuencias das devanditas lacra, accións que se estean levando a cabo para loitar contra elas tanto desde as institucións como a título individual etc. Tras realizar dito traballo de documentación, os alumnos escribirán un protocolo para detectar situacións de conflito e ver o modo de proceder coa vítima ou as testemuñas para rematar con estas situacións o máis rápido posible.



Na casa: ás veces, algúns conflitos ou abusos inícianse de xeito sutil e van collendo forza co tempo. Os rapaces non os ven como unha ameaza e non o explican inmediatamente. Na casa establecerase un día, cada dúas semanas, unha merenda para falar da súa situación na escola, no traballo etc.



Máis: organizar un obradoiro para recrear conflitos e aprender a expresar, de xeito claro e contundente, a súa negativa a aceptar certas actitudes, coa expresión oral e tamén a corporal. Se nos tratan mal, marchamos e punto. É innegociable.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

SC

28

He for she.

Comprométete coa túa outra metade.



Obxectivo: erradicar as diferenzas de xénero e os estereotipos creados ao redor deles; nin as rapazas son o sexo débil, nin os rapaces son só músculos.

Ideas chave: igualdade de xénero, nin feminismo radical nin machismo anticuado.

Recursos: un aparato para facer chapas, deseños con diferentes slogans.

Desenvolvemento: na clase de Educación Plástica e Visual, os alumnos dedicaranse a crear chapas con diferentes claims ou slogans. Estes teñen que facer referencia á igualdade de xénero. Todos os seres humanos somos iguais, indistintamente de que sexamos rapaces ou rapazas, e non se poden facer discriminación positiva ou negativa por iso. Así, poden empregar claims do tipo: “Eu tamén choro”, “I love football”, “Encántame ir de tendas”, “Toca a batería” etc., para rachar cos estereotipos creados arredor das diferenzas de xénero.

Na casa: farase unha listaxe de todas as tarefas do fogar, escribirase o nome en papeis, faranse boliñas e colocaranse nunha bolsa. Cada membro da familia collerá as diferentes boliñas que lle toquen e terán que facer as tarefas adxudicadas, indistintamente do que impliquen. Todos podemos facer de todo.

Máis: [ver o vídeo](#) no que Emma Watson, protagonista da saga de Harry Potter, fala da súa relación co feminismo na sede de Nacións Unidas.

SC

29

A nosa “comunidade de veciños”.

Obxectivo: hai que saber dialogar e ceder para chegar a puntos de vista coincidentes ou próximos e levar a cabo proxectos comúns. Para convivir en harmonía hai que ser diplomático, esgrimir argumentos pero tamén escoitar os dos demais.

Ideas chave: presentar as ideas de forma clara e concisa, argumentar e dialogar, escoitar as propostas dos outros, utilizar o sentido común e ceder cando sexa preciso.

Recursos: pintura de esmalte, brochas e pinceis, escada, panos para limpar, teas, recheo de coxíns, máquina de coser, cadros etc.

Desenvolvemento: o titor propondrá un xogo de rol: teñen que imaxinar que son unha **comunidade de veciños** e que o titor é o administrador. Van darlle un repaso de pintura e redecorar as zonas comunitarias do predio (a clase). Entre todos, teñen que acordar que queren facer: de que cor pintala, se queren poñer elementos decorativos, que cadros colgar, como facer máis cómodas as cadeiras da clase, se queren engadir un espazo de relax etc. Seguro que non coinciden en gustos e opinións, pero diso se trata, de chegar a acordos e consensos, tratándose sempre con respecto.

Na casa: pódese propoñer reformas ou un cambio de decoración nos cuartos ou nos espazos comúns. Como a casa é de todos, teñen que dar a súa opinión, pero tamén escoitar con respecto o resto de membros. Todos os gustos e comentarios teñen o mesmo valor, así que haberá que chegar a acordos.

Máis: xa que temos o material na escola (pintura, brochas, escadas etc.), tamén se poden retocar algunhas zonas comúns. Pero para iso, esta vez terán que poñerse de acordo coas outras clases, escollendo un portavoz por cada unha.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

30

Titoría de avaliación: comisión de convivencia.



Obxectivo: as relacións nunha mesma clase divídense á vez nunha serie de subgrupos que se relacionan de xeitos diferentes segundo ocupen un rol ou outro. O profesor terá que analizar como funciona a convivencia da clase a nivel macro e micro.



Ideas chave: ver se a convivencia funciona tanto a nivel de gran grupo como nas diferentes relacións que se establecen entre os alumnos.



Recursos: aplique con tres lámpadas de cor vermella, amarela e verde; cartóns para darlle forma de semáforo.



Desenvolvemento: os alumnos procurarán un aplique con tres lámpadas; a idea é que se poida acender cada unha de xeito independente e cun cartón darlle forma de semáforo. Dependendo de como o profesor vexa a convivencia do grupo grande, terá acendida a luz verde se todo vai ben, a luz amarela se a comunicación e as relacións non son moi fluídas, ou a luz vermella se hai conflito. Evidentemente, para que o grupo grande funcione, primeiro terase que facer un traballo de diálogo e achegamento para establecer o estado da convivencia nos pequenos grupos. Se se consegue ter luz verde durante toda unha semana, o profesor pode premiar a clase organizando unha actividade especial.



Na casa: ás veces, desde dentro, non sempre é doado sermos obxectivos e analizarmos de forma crítica se somos persoas que dialogamos, respectuosas, se non aproveitamos a nosa posición de superioridades etc. Por iso, pódese pedir a unha persoa achegada, pero que non forme parte do “núcleo duro” familiar, que nos diga como ve a nosa convivencia.



Máis: para mellorar a convivencia, embarcaranse nun traballo en equipo por algunha boa causa, na que todos teñan que colaborar e dar o mellor de si mesmos: recoller fondos, alimentos ou roupa para unha ONG, preparar unha obra de teatro para axudar cos cartos da entrada nalgunha campaña de solidariedade etc.



Titorías de reciclaxe.

A CONVIVENCIA



Convivir é compartir con outros un obxectivo ou unha causa maior que un mesmo. É formar parte da sociedade e asumir as súas obrigas e os seus dereitos. É poñerse de acordo e montar sistemas que resolvan as nosas necesidades colectivas como, por exemplo, decidir que facemos cos residuos.

Se en épocas pasadas imperaba o consumismo e a economía “depredadora”, hoxe decatámonos de que é un camiño sen saída. Por iso organizamos sistemas que recuperan o equilibrio, que fan que os residuos de envases se convertan en novos recursos e novos materiais, para non desgastar o planeta e as súas materias primas: enerxía, auga ou aire. Pero é preciso que convivas e colabores, que os empregues, ou nada diso será posible.

Grazas á colaboración de todos, envase a envase, persoa a persoa, pasamos de reciclar un 5% dos envases en 1998 a un 75% en 2015. É unha gran noticia, pero aínda temos que mellorar. Se te unes á convivencia ecolóxica, fai as cousas o mellor posible para que todos os envases (e só os envases) vaian ao colector correcto: separa as súas partes se son materiais distintos, dóbraos para que ocupen menos ou baléiraos para que non manchen e estraguen o esforzo de todos. E, se o explicas aos demais, tampouco estragarán o seu. Entre todos conseguíremolo.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

31

R

Os nosos colectores na aula e no centro.



Obxectivo: coñecer mellor como e canto reciclamos, se difire o que dicimos do que facemos e onde podemos mellorar. Analizar hábitos de consumo e de reciclaxe.



Ideas chave: hábitos, estudos de mercado, análise de datos e extraer conclusións e ideas para a acción de mellora.



Recursos: para a versión en papel, fotocopidora e papel; para a versión en liña, tabletas con conexión a internet.



Desenvolvemento: o obxectivo é preparar e realizar unha breve enquisa (5 ou 8 preguntas) sobre como reciclan os alumnos do centro e as súas familias. En primeiro lugar, marcaran un obxectivo de participación e preguntaranse que lles gustaría saber sobre os seus hábitos de reciclaxe: quen recicla? O alumno encárgase persoalmente? Cantos colectores teñen na casa? Cada canto levan os envases? Por que o fan? Que lles xera dúbidas? A partir dos seus intereses, prepararanse preguntas curtas, que non admitan segundas interpretacións, con repostas pechadas ou coa posibilidade de contestar varias respostas. Prepararase o formulario e poderase facer en versión papel ou en liña. Organizaranse equipos para facer enquisas nos corredores ata chegar ao obxectivo alcanzado. Unha vez recollidos os resultados, farase o reconto e trasladarase a unha táboa. Farase unha análise das respostas e escribirase un informe, que poderá publicarse na revista ou na web do centro.



Na casa: todas as familias poderán facer a enquisa para aumentar así o total e facer máis significativos os resultados. Poderán facelo tanto en papel como en liña, incluso desde o móbil, enviándolles unha mensaxe para convidalos a conectarse e participar.



Máis: a web www.survio.com permíteche facer enquisas en liña gratuitamente de forma moi sinxela, xa sexa con preguntas abertas, pechadas, despregables, de opción única etc., e xera informes de forma rápida e áxil.

32

R

ecoembes

Enquisa colectiva de hábitos de reciclaxe.



Obxectivo: poñer en práctica un programa de reciclaxe práctico que amosará as dificultades, as posibilidades de mellora e os resultados de colaborar con este obxectivo. Analizar os puntos “quentes” de xeración de residuos no centro. Aclarar conceptos sobre o que é ou non envase e os materiais que o compoñen.



Ideas chave: limpeza, traballo en equipo, coordinación, estratexia e avaliación.



Recursos: caixas ou caldeiros do lixo pintados ou forrados en cor amarela, azul, verde e gris. Bolsas do lixo desas cores. Papel para carteis.



Desenvolvemento: os alumnos planificarán unha ecoauditoría do centro para pescudar onde se producen os distintos tipos de residuos e analizar as súas necesidades de colectores.



Na casa: procurar a mellor localización para os colectores de separación de residuos, adaptados ao espazo dispoñible e ao número de membros da familia. Tamén analizarán a periodicidade óptima de baleirado destes colectores, anotando nunha listaxe (pegada á neveira cun imán) canto tempo tarda en encherse cada colector.



Máis: Ecoembes está iniciando unha campaña de implantación práctica de colectores para envases nos centros escolares. Fai clic [aquí](#) para máis información.



33

R

Respecto polo traballo dos demais.



Obxectivo: entender a complexidade do tratamento dos residuos e as múltiples responsabilidades que corresponden a cada un dos axentes que interveñen, incluíndo ao consumidor. Visualizar o circuíto global, desde a creación ata a reciclaxe, e todo o que implica. Incluír o emprego verde dentro das posibilidades de orientación laboral.



Ideas chave: economía circular, axentes sociais, institucións, empresas, ecodeseño e emprego verde.



Recursos: colocación das mesas da clase por grupos, encerado ou papel para anotar as conclusións.



Desenvolvemento: dividirase a clase en varios grupos. Cada un deles converterase nun dos “axentes” do ciclo da vida dos envases: ecodeseñadores/envasadores, distribuidores, institucións, seleccionadores e empresas de reciclaxe. De cada grupo deberá xurdir: unha profesión (como mínimo) de futuro nese campo, unha idea (como mínimo) para mellorar a reciclaxe de envases (tanto se depende deles como se depende de outros) e unha conclusión sobre a súa principal función no ciclo do envase.



Na casa: preguntaremos se na casa coñecen alguén que traballe nalgún aspecto vinculado á reciclaxe ou ao medio ambiente, nalgún dos grupos de axentes do ciclo de vida dos envases que se traballaron na clase. Se non é así, buscarán quen podería coñecer alguén dese ámbito, segundo a teoría dos 6 grados de separación que nos separan de calquera persoa no planeta.



Máis: aquí atoparedes un informe sobre o emprego verde no noso país, que lles pode dar ideas na orientación laboral dos alumnos que se inclinan polo traballo medioambiental ou dirixido a contribuír á resolución do problema dos residuos e do mellor aproveitamento dos recursos: fai clic [aquí](#).

34

R

Visitamos unha planta de selección de residuos de envases.



Obxectivo: coñecer o funcionamento dunha planta de selección de residuos de envases lixeiros para comprender por que algúns erros significan dificultades no proceso ou fan que sexa menos eficiente. Unha visita real, ademais, fai que comprendan a dimensión do problema dos residuos.



Ideas chave: comprensión, sistemas, eficiencia, mecanización, xestión e aproveitamento dos recursos.



Recursos: ordenadores e canón ou encerado dixital para a proxección dunha visita virtual.



Desenvolvemento: por grupos, os alumnos analizarán as distintas fases dunha planta de selección de residuos, ademais do que as pode prexudicar ou do que se aproveita mellor ou peor nelas: a praia de descarga, os distintos separadores (electroimáns, correntes de Foucault, sopradores, ópticos...).



Na casa: comentarán o que aprenderon e transformaran en trucos para non esqueceren algúns erros que se “pagan” na planta de selección, especialmente sobre o que non debe depositarse nos colectores de cores, os “impropios”.



Máis: visita virtual á planta de Sevilla nesta [ligazón](#), ou á de Gavá (Barcelona), [aquí](#).

PÁRATE *para pensar*



**ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA**

**PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA**
CONTRIBUÍENDO AO DESENVOLVIMENTO

CURSO 2016-2017

50

**TITORÍAS CON SENTIDO
PARA TODOS OS CICLOS
EDUCATIVOS**



O COMPROMISO CONTRA A VIOLENCIA



PÁRATE *para pensar*



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA

PC

Primeiro ciclo

SC

Segundo ciclo

R

Recicla

50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

Coa colaboración de:


ecoembes

O COMPROMISO CONTRA A VIOLENCIA



Nun mundo ideal, os humanos convivirían en paz. No noso mundo actual, no entanto, os humanos desenvolvemos un limiar, sorprendentemente alto, de tolerancia cara á violencia. Estamos tan en contacto con ela que ata nos semella, se non aceptable, normal. Física ou psicolóxica, esta violencia adopta mil formas. Ás veces vémosla vir de fronte, sen disfrace, sen rodeos nin coartada, de forma física: a puñada “graciosa” dun compañeiro, a chaparreta dun pai enfadado, as insinuacións inapropiadas dun compañeiro etc. Os agresores sempre teñen escusa: é broma, é o único xeito de que fagas o que che digo, é unha mostra de agarimo etc. As vítimas, ao principio, ante algo tan inesperado, non semellan saber como reaccionar.

Logo está a versión psicolóxica da violencia, a que non golpea fisicamente, pero maltrata a alma, os sentimentos, as ideas e o xeito de pensar. A violencia que se emprega para humillar, falar mal de terceiros, ofender, illar, infravalorar, mofarse do aspecto ou dos pensamentos doutras persoas... É a violencia de quen fai dano coas súas palabras ou cos seus feitos. E por se fose pouco, ademais, esta violencia acentuouse coa aparición das novas tecnoloxías e o uso das redes sociais. O agresor, habitualmente anónimo, séntese forte e amparado tras a pantalla do seu móbil ou portátil e é quen de facer burlas maliciosas que quizais en persoa non faría. Porén, estas redes non proporcionan tal anonimato, pois no mundo dixital todo deixa unha pegada e os comportamentos de ciberacoso (ciberbullying), por sorte, non quedan impunes.

O obxectivo de loitar contra a violencia non é reducir o discurso e dividir entre agresores, vítimas e testemuñas. Porque cando se produce un acto de violencia todos os implicados son vítimas en distinto grado, xa que ao vivir unha situación de violencia todos sufrimos un dano e un prexuízo: o agresor, porque se actúan dunha forma violenta é porque ten problemas e non ten as ferramentas axeitadas

para resolvelos; a vítima, porque se converte no obxectivo da súa frustración e sofre máis ca ninguén sen atopar tampouco o xeito de saír desa situación; e as testemuñas, porque se ven inmersas na dúbida de tomar partido e actuar ou non, causando aínda máis dor coas consecuencias que iso xera.

Ao longo da vida, antes ou despois, todas as persoas se poden ver inmersas nunha situación violenta. Por iso, de xeito preventivo, hai que educar para aclarar cales son as mellores opcións, sexa cal sexa o papel que lles toque desenvolver. A primeira consigna é moi básica e evidente: ante a violencia, tolerancia cero. Nin cero coma un nin coma dous: cero, cero. Calquera tipo de xustificación ou permisividade convértenos en cómplices, posto que significa negar a axuda e evitar males maiores para calquera dos implicados.

Ante calquera situación de violencia física ou psicolóxica, o primeiro é recoñecela, ter empatía coa vítima, independentemente de se che cae ben ou mal, afastando o pensamento de que puido facer algo para merecelo; porque ninguén merece o illamento social nin a dor. O que si merecen todos é xustiza, poder defenderse e explicarse para que aflore a verdade. E, en última instancia, se fose posible, buscar un lugar para o perdón e as segundas oportunidades. Por iso, ante a dúbida, hai que denunciar, atallala de raíz (un adulto responsable saberá como) e, posteriormente, analizar os feitos para que nunca máis volva a ocorrer. Poñer as cousas no seu sitio e que todos acepten que as cousas foron demasiado lonxe, pero que hai xeitos de reconducilas, traballando por rectificar. Ser honrados e humanos para apoiar publicamente as vítimas, mirando cara a adiante. Mostrándonos fortes e unidos, as familias, os profesores e os alumnos poderemos reconverter a violencia en convivencia e humanidade.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

35

Pink T-shirt Day.



Obxectivo: conseguir que, por un día, toda a comunidade escolar (profesores, resto de persoal da escola, alumnos e familiares) reflexionen sobre el bullying. Este problema non é cuestión só de nenos e rapaces. Aféctanos a todos.



Ideas chave: pararse, pensar e, de xeito colectivo, presentar o compromiso firme de implicarse para erradicar a violencia na escola.



Recursos: camisolas de cor rosa, modelos, aerosois ou máquina de estampación; cámara de gravar, programa para editar e proxector.



Desenvolvemento: no 2007, un alumno de Secundaria da cidade de Berwinck, no Canadá, foi acosado e agredido polos seus compañeiros por levar unha camiseta rosa o primeiro día da clase. Días máis tarde, para loitar contra este tipo de violencia, repartíronse 50 camisolas rosa entre diferentes alumnos masculinos da escola, que as levaron a modo de protesta. Desde entón, o 28 e 29 de febreiro celébrase xa en todo o mundo o “**Pink T-shirt Day**” para loitar contra as situacións de acoso e violencia nas escolas e nos institutos. Invítate a comunidade escolar a celebralo todos xuntos, a vestir as camisolas de protesta e a preparar un bo aperitivo.



Na casa: a violencia e o acoso tamén ten lugar no ámbito laboral; coñécese co nome de mobbing. Os pais poden contarlles aos rapaces se coñecen algún caso, xa o viviron eles en primeira persoa ou porque alguén llelo explicou. Hai que estar sempre preparado e alerta e non baixar a garda. A violencia, desgraciadamente, forma parte do comportamento de moitos seres humanos.



Máis: preparar de xeito complementario un vídeo no que se graven testemuñas de rapaces que expliquen se viviron algún caso de bullying ou, simplemente, que dean a súa opinión sobre o tema. O vídeo pódese proxectar os días de celebración para que o vexan os invitados ao centro.

PC

36

Apaga o lume interior.



Obxectivo: cando estamos moi enfadados pode aparecer a ira, unha emoción que impide pensar obxectivamente. Hai que saber como controlala e volver á calma.



Ideas chave: tomar o mando do control cando o noso mal humor e ira se disparan e non se pode ou non se sabe entrar en razoamento.



Recursos: colchóns e roupa cómoda para realizar unha sesión de Kripalu ioga.



Desenvolvemento: en Educación Física, o profesor organiza unha sesión de **Kripalu ioga**, que é un estilo de Hatha ioga creado polo yogui Amrit Desai, da India. A práctica do Kripalu ioga axuda a conectar coa nosa sabedoría interior, a coñecer mellor o noso propio corpo e as relacións que se producen conectadas aos nosos sentimentos. O Kripalu ensina a aceptación do presente, do que é e do que somos. Todo este traballo de conexión co noso “eu” interior axudaranos a controlar a ira.



Na casa: ler de maneira colectiva o libro ¡Non te enfades máis! Aprende a controlar a túa ira e mellora as túas relacións, de Daniel Palacios, unha guía para pasar da agresividade á calma... Cústache controlar o teu humor? Dixeches ou fixeches, nun ataque de furia, cousas das que logo te arrepentiches? Padeciches celos ou tendes a desconfiar dos que te rodean? A ira é unha emoción defensiva que só debería manifestarse en casos excepcionais, pero as nosas ideas irracionais ás veces provocan excesos de cólera por asuntos sen importancia. Neste libro explícase como controlar estes impulsos e mellorar as nosas relacións cos demais. A través da comprensión das nosas emocións podemos exercitarnos en técnicas de autocontrol para canalizar o noso xenio cara á creatividade e a harmonía.



Máis: repetir a sesión de ioga en distintas ocasións. Cando os alumnos estean adestrados, participar nunha sesión de meditación para afundir nos seus sentimentos e a súa capacidade de control.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

37

Cibernormas de etiqueta.



Obxectivo: clarificar as normas de uso das tecnoloxías da información e a comunicación, que poden provocar conflito e acoso, o ciberbullying.



Ideas chave: tomar consciencia do uso das novas tecnoloxías; analizar e valorar o que se escribe, xa que queda a indeleble pegada dixital; e, en ningún caso, agocharse tras internet e as redes sociais para facerlles dano aos demais.



Recursos: descargar o PDF na seguinte [ligazón](#), cadernos e bolígrafos; unha caixa de cartón cunha rafiura coma se fose unha urna.



Desenvolvemento: descargar o PDF “[Basta de bullying](#)” para secundaria e repartilo ou lelo na clase. A última parte conta cunha sección dedicada ao ciberbullying, na que se explica que é un acoso moi invasivo, xa que as mensaxes e imaxes poden enviarse en calquera momento e desde calquera lugar e ser compartidas por moitísima xente. A vítima está exposta a todas horas, ata na seguridade da súa casa. Ademais, os comentarios poden permanecer en internet toda a vida. Os alumnos escribirán nun caderno se foron protagonistas, se sufriron ou se ouviron algunha historia relacionada co ciberbullying. Será un escrito anónimo. Ao rematar, o introducirán nunha urna. O profesor leranos na clase ao rematar o exercicio, e analizarase as consecuencias de cada historia.



Na casa: ver a película *Acoso na rede social*, dirixida por Charles Binamé e protagonizada por Emily Osment, na que se amosa como unha rapaza é acosada e criticada polos seus compañeiros a través dunha rede social e como ninguén sae na súa defensa.



Máis: editar unha pequena revista cos relatos de ciberbullying e unha serie de consellos e recomendacións de como empregar as novas tecnoloxías.

PC

38

Ninguén “o busca”.



Obxectivo: como xa se avanzou na introdución deste bloque, ante problemas de bullying todos somos vítimas e implicados: o agresor, o agredido, a testemuña e a sociedade en xeral. Por iso, non importa a forma no que se faga, pero hai que actuar.



Ideas chave: pasar da pasividade á acción; implicarse en todos os sentidos, cos compañeiros, coa escola e coa sociedade na que vivimos. Non analizar só o feito puntual, contextualizalo e buscar unha reflexión máis profunda e ampla.



Recursos: ordenador con conexión a internet, fotocopias de artigos de xornais ou revistas, programa Power Point ou semellante.



Desenvolvemento: ante a inxustiza hai que actuar, esteamos máis ou menos implicados no que estea acontecendo. A sociedade somos un equipo e non se pode mostrar indiferente se algúns compañeiros se pelexan entre eles. Todos os argumentos que se dean para non actuar nunha situación de violencia son insuficientes e inútiles. Por este motivo, para que os alumnos reflexionen sobre a importancia de implicarse, deben buscar información e casos de personaxes históricos que participaron de xeito persoal, sincero e irredutible na loita contra diferentes tipos de acoso e violencia: Mahatma Gandhi, Dalai Lama, John Lennon, Anna Politkovskaya, Leo Tolstoi etc.



Na casa: pódese seguir falando do tema do mobbing. Igual que na escola, “ninguén o busca” e xeralmente no ámbito laboral tampouco. Por iso, os pais teñen que inculcarlles aos seus fillos que os traballadores teñen uns deberes, pero tamén uns dereitos, e que estes deben ser respectados. Un salario de por medio non implica a perda do respecto.



Máis: os alumnos poden preparar unha versión reducida e máis sinxela para expoñela ante os alumnos de Primaria. Pódese propor un programa de titores entre os alumnos maiores e pequenos. A lección que teñen que transmitir é que, ademais de non seren os protagonistas de situacións de violencia, tampouco poden ser espectadores pasivos.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

PC

39

Torres humanas.



Objetivo: somos un grupo, todos somos compañeiros e precisámonos; a unión danos fortaleza. A violencia e o acoso só crean desunión, dispersión e mal ambiente.

Ideas chave: por separado podemos facer cousas importantes, pero todos xuntos conseguiremos proxectos máis grandes. Non hai que ser amigos íntimos, pero si compañeiros.

Recursos: roupa deportiva, colchóns.

Desenvolvemento: o profesor organizará unha actividade na que todos os alumnos teñan que implicarse e na que se precisen os uns dos outros, como facer torres humanas. Deben coordinarse e axudarse para conseguir o obxectivo. Que sentido ten acosar ou agredir un compañeiro? Mellor contar coa axuda e o apoio de todos a calquera nivel.

Na casa: axudar algún amigo ou coñecido que teña que realizar unha mudanza ou participar nalgunha campaña de solidariedade como voluntarios.

Máis: ver algún vídeo de como os **castelos de persoas** crean unha base sólida e forte coa participación de dúcias de persoas, que sosteñen os seus compañeiros no aire ata erguer torres humanas que desafían a gravidade.

PC

40

Quen é o valente?

Objetivo: aínda que a priori semelle que a persoa que agrede é atrevida, valente e capaz de todo, en realidade é un covarde e unha persoa sen recursos que non ten outras ferramentas para solucionar os seus problemas. O valente é o defensor.

Ideas chave: procurar posturas e recursos para solucionar os conflitos sen necesidade de empregar a violencia. Somos intelixentes dabondo para non facelo doutro xeito.

Recursos: toga e perrucas para emular os avogados e o xuíz; mazo pequeno.

Desenvolvemento: organizárase unha actividade de roleplay ou escenificación. A metade da clase ten que defender que os agresores son valentes (aínda que non estean de acordo); a outra metade ten que desmontar os devanditos argumentos e defender, con conclusións e exemplos, que os verdadeiramente valentes son os defensores. Cada grupo escollerá un representante para expor as ideas, que fará as funcións de avogado defensor e de avogado acusador ou fiscal; outro alumno, que destaque polo seu sentido común e por ser unha persoa imparcial que non adoita estar inmerso en conflitos, representará a figura do xuíz.

Na casa: ver algún programa de **novas** cos seus pais na tele. Seguro que aparecen máis imaxes dalgún tipo de conflito. Os seus pais poñeranos en antecedentes, pero tamén lles teñen que explicar que, no mundo adulto, non sempre é doado identificar de que parte está a razón. Iso si, calquera situación conflictiva adoita ser o resultado da incapacidade de empregar o diálogo para resolver conflitos.

Máis: todo o exposto no xuízo resumírase nun escrito que se presentará ante o resto de cursos de Secundaria organizárase unha votación para decidir honestamente quen cren que é máis valente, se o agresor ou o defensor.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Tutorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

SC

41

Rumores que matan.



Obxectivo: a adolescencia é unha etapa para formar opinións, gustos e aprender a manexar os sentimentos. É un momento de fragilidade e transición. Hai que coidar os rumores e comentarios que poden causar un dano irreparable.

Ideas chave: o suicidio é a primeira causa de morte entre os rapaces novos ([ver ligazón](#)). A causa adoita ser a baixa autoestima fronte ás críticas e os comentarios. Toda a sociedade ten que asumir parte da súa responsabilidade.

Recursos: ordenadores con conexión a internet; recortes de xornais e revistas.

Desenvolvemento: os alumnos procurarán información sobre o número de suicidios entre adolescentes e sobre casos concretos e as súas posibles causas. Gardarán as historias nas que o motivo sexa a agresión doutras persoas de forma psicolóxica, a través de críticas, rumores e murmurios. Os alumnos presentarán estas historias diante dos seus compañeiros e prepararán unha campaña de prevención (folletos, pósters etc.) para animar a quen se atope en situación de vulnerabilidade e evitar calquera morte ou situación extrema por ese motivo.

Na casa: practicar [exercicios para reforzar a confianza](#), como deixarse conducir ás cegas durante unha tarde, sentir empatía de paso con quen é vulnerable.

Máis: montar unha exposición con todas as historias acumuladas por alumnos, profesores, persoal non docente e familias.

SC

42

Situacións extremas, decisións extremas.

Obxectivo: segundo a Organización Mundial da Saúde e as Nacións Unidas, cada ano suicídanse no mundo aproximadamente 600 000 adolescentes ou rapaces novos de entre 14 e 28 anos, e polo menos a metade das mortes teñen relación co bullying. Hai que erradicar estas cifras con medidas extremas que liquiden o problema.

Ideas chave: composición de lugar, interpretar as cifras e a súa implicación. Alertar e concienciar. Víctimas directas e indirectas do bullying.

Recursos: ordenadores con conexión a internet, impresora, micrófonos, mesa.

Desenvolvemento: en Europa, os países onde se sofre máis acoso escolar son o Reino Unido, Rusia, Irlanda, España e Italia, por esta orde. A organización británica contra o acoso xuvenil Beat Bullying advirte que este problema é máis serio do que a sociedade en xeral cre, xa que se calcula que o sofren ao ano 24 millóns de nenos e rapaces. Os alumnos de Secundaria invitarán a toda a comunidade escolar (profesores, persoal administrativo e de limpeza etc.) e as familias a unha mesa redonda na que todos poderán participar e expor as súas opinións e suxestión para acabar con esta lacra.

Na casa: ante un conflito tan importante, os pais teñen que facerlles entender aos seus fillos que para evitar situacións tan dramáticas teñen que dialogar e confiar sempre nos adultos, xa sexan os profesores, os pais ou algún amigo achegado. Hai que evitar por todos os xeitos que se atopen illados, xa que ese é o principal obxectivo do agresor para debilitalo e dominalo ao seu antollo. Na casa, nada de illamento. Hai que procurar momentos para falar, falar e falar.

Máis: invitar un avogado ou asistente social especializado no tema para que informe nunha mesa redonda dos castigos ou condenas por ser protagonistas dun delito de acoso escolar. Pódese valorar se se cre suficiente ou non.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

SC

43

Titorías sobre dilemas contra o acoso escolar.

¡menudo dilema!



Obxectivo: reflexionar sobre cuestións de convivencia sobre supostos prácticos e que expoñen dilemas, toma de decisións ou implicación persoal. O programa “Vaia dilema” complementa o “Párate para pensar” e ofrece unha posibilidade de xogo e dinámica da clase achegando casos prácticos, con apostas sinxelas pero que fan que os adolescentes tomen partido e proben o seu nivel de madurez.



Ideas chave: reflexión, ética e casos prácticos.



Recursos: ordenador con acceso a internet.



Desenvolvemento: conectarse ao programa na [seguinte ligazón](#) e escoller unha das propostas para Secundaria (“Grandes dilemas”), xa sexa no ámbito dos dilemas persoais, os comunicativos ou os sociais. Aínda que as propostas se renovan quincenalmente, hai unha extensa base de dilemas na hemeroteca. Todos, dun xeito ou doutro, aluden á convivencia entre persoas na vida cotiá dun adolescente e moitos tratan o tema do acoso escolar.



Na casa: “Vaia dilema” é un programa pensado tamén para levalo ás familias, onde todos os membros poden tomar partido por unha ou outra opción, sen que ningunha sexa realmente correcta ou incorrecta, senón que implica un nivel ou outro de madurez ética.



SC

44

Como te sentes cando non fas nada?



Obxectivo: calquera día é bo para pedir perdón, para rectificar o noso comportamento, para denunciar as persoas que acosan; se se busca, sempre haberá algunha persoa que queira escoitar. Cando non se consegue nada é cando ningún fai nada para mellorar as situacións de conflito.



Ideas chave: reflexionar sobre o seu comportamento, rectificar, denunciar situacións de acoso como vítima ou testemuña, actuación fronte á pasividade. Xustiza.



Recursos: ordenadores con conexión a internet; cámara e programa para editar.



Desenvolvemento: ler a historia de Carla Herrero nesta [ligazón](#). Carla sufriu acoso escolar desde os 8 ata os 16 anos e, ao chegar a Bacherelato, utilizou a súa historia para convertela no traballo de investigación de curso. El dolor silencioso, un documento escrito é un vídeo no que Carla explica: “Sentíame inútil, cría que non era ningún, tiña angustia, desesperanza, depresión..., humillábanme psicoloxicamente, tamén fisicamente, convertéronme nunha diversión”. Os rapaces meteranse na pel de Carla, escribindo unha páxina do seu diario durante un día calquera de colexio. Como verían os demais, os que atacan e os que non fan nada? Que farían eles de seren Carla?



Na casa: extrapolar o tema do bullying e o cyberbullying apoiándose na denuncia de todo tipo de conflitos, tanto se os sofren eles como outros rapaces, mulleres, anciáns etc. A idea é actuaren para construíren unha sociedade máis xusta.



Máis: gravar un vídeo titulado “Todos somos Carla”. Un por un poden explicar, ante a cámara, como se sentiu ou como cren que actuarían se vivisen unha experiencia coma a dela.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

45

Titoría de avaliación: Canto sabes de acoso escolar?



Obxectivo: autoavaliarse e decidir se se teñen coñecementos, formación e ferramentas axeitadas para traballar casos de bullying e ciberbullying no caso de apareceren na súa clase. Se non, deben pedir axuda ao centro para formarse ao respecto.



Ideas chave: autoavaliación, análise da situación e dos recursos que se teñen no centro para confrontar casos de bullying e ciberbullying.



Recursos: enquisa sobre como detectar e tratar conflitos de acoso na clase entre alumnos e tamén de acoso a través de internet e das redes sociais.



Desenvolvemento: organizaranse reunións cos profesores para analizar os diferentes casos de bullying e ciberbullying que puidesen experimentar durante a súa vida laboral ou na actualidade. Cada un pode explicar o xeito no que os detectaron e como están traballando para acabar co acoso; evidentemente, as experiencias duns poden servir para outros. De todos os xeitos, sería interesante coñecer se o centro dispón dun protocolo de actuación, se os docentes o levan a cabo ou se pensan que non é axeitado.



Máis: tanto o bullying como o ciberbullying son problemas suficientemente serios e complexos como para pedir axuda extra sempre que se poida. Desde o centro pódese pedir á policía que organice algunha charla sobre o tema e que aconselle os profesores sobre como actuar sempre que se vexan superados pola problemática.



SC

46

O dereito a ser quen es.



Obxectivo: temos dereito a ser diferentes e a pensar dun modo distinto ao da maioría. Temos dereito a querer vivir a nosa vida como mellor nos pareza sen que iso nos estigmatice de xeito ningún. Temos dereito a vestir como nos preste, seguindo unha moda ou creando un estilo propio.



Ideas chave: cada persoa é única desde que nace e, por iso, especial. Hai que aprender a vivir coa diversidade, á vez que a respectala.



Recursos: ordenadores con conexión a internet.



Desenvolvemento: **crearase un blog** onde se propoñerán personaxes famosos que destaquen pola súa orixinalidade, tanto polo seu aspecto físico como pola súa maneira de pensar ou de actuar (Lady Gaga, Johnny Depp, Dalí, Albert Casals de Món Petit etc.). Os alumnos votarán o seu preferido. Tamén escribirán un comentario explicando por que o votaron.



Na casa: en familia, poden ver fotos antigas dos seus pais e avós cando eran novos. Así poderán comprobar como foron cambiando as modas. O noso aspecto físico di moito de nós: se queremos destacar dentro do grupo, se somos rebeldes, se nos gusta seguir as modas etc.



Máis: organizar unha exposición co personaxe gañador onde se reflicta por que nos gusta, que nos chama a atención do seu xeito de vestir ou actuar, cales son as súas influencias etc. Na diversidade está a riqueza da nosa cultura.

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

SC

47

Outras culturas: peculiaridades ou dereitos vulnerados?



Obxectivo: todas as persoas somos seres humanos iguais e, á vez, distintos. Temos dereito a manter as nosas culturas e esixir respecto, sempre que non vulneren os dereitos das persoas.



Ideas chave: a diversidade de razas, nacionalidades, linguas, tradicións etc. suma e ofrécenos cultura e coñecemento sobre outros países que non coñecemos. Tradicións que vulneran os dereitos das persoas.



Recursos: ingredientes, utensilios para cocinar; pratos, vasos e cubertos de plástico; manteis e panos de papel; mesas e cadeiras.



Desenvolvemento: os alumnos procurarán información sobre distintos países e culturas. Deberán escoller 10 aspectos positivos (costumes, receitas, ritos, vestimentas) e outros 10 aspectos que vulneran os dereitos das persoas (traballo infantil, ablación, sometemento da muller). Distinguiremos entre diferenzas culturais (comer carne de serpe) e dereitos inalienables (non deixar as nenas ir ao colexio).



Na casa: coa familia, pódese ver películas que traten doutras culturas ou que se dirixisen noutros países, con ritmos, argumentos e personaxes moi distintos aos que estamos afeitos no cine occidental.



Máis: ver a curta *The DNA Journey*, que bota por terra os prexuízos entre países a través do preto que se atopa a orixe duns e doutros: ver [ligazón](#).



Titorías de reciclaxe.

O MEU COMPROMISO



Estás polo medio ambiente? Seguro que si. Respéctalo e aceptas que a convivencia implica colaborar para coidalo. Pois agora só che falta pasar á acción, comprometerte en serio e que as túas accións sexan coherentes cos teus pensamentos. Non serve de nada ter grandes ideas se logo non as levas á práctica. Aínda que seguramente non está nas túas mans deter a destrución da capa de ozono ou o desxeo dos polos, si que es unha peza fundamental para logralo.

Es unha peza entre millóns, pero unha peza imprescindible ao fin e ao cabo. Tes moitas pequenas accións cotiás coas que contribuír a construír e non a destruír. Podes aforrar enerxía e auga e vixiar por consumir só a necesaria, podes ser sostible nos teus desprazamentos e evitar contaminación innecesaria, e podes aplicarte coa reciclaxe dos residuos que xeras no fogar ou no teu colexio.

Algo tan sinxelo como a reciclaxe, ben aplicada de xeito sistemático, contribúe a diminuír as emisións de CO2 e a frear o efecto invernadoiro. Pero temos que ser moitos, estar convencidos e ser inaccesibles ao desalento. Asegúrate de que na túa casa todos estades xuntos nisto, convérteate nun promotor da reciclaxe entre a túa familia, os teus amigos ou os teus veciños e síntete orgulloso diso. O compromiso sincero e as accións son as que moven o mundo!

PÁRATE *para pensar*

PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA

CONTRIBUÍNDOL
AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA



50 Titorías con sentido
para todos os ciclos
educativos

48

R

Recollida de sinaturas: “Comprométome a reciclar”.



Obxectivo: entender que significa comprometerse, subscribir unha idea ou asumir unha causa, coas obrigas que implican. Reflexionar sobre a coherencia entre ideas e actos.

Ideas chave: compromiso, implicación, comunicación e persuasión.

Recursos: pancarta, cartolinas e rotuladores, mesa, ordenador e impresora, follas con táboas para recoller nomes e sinaturas.

Desenvolvemento: unha recollida de sinaturas supón un traballo previo de recompilar información sobre feitos que van axudar a convencer a audiencia. Así, os alumnos prepararán uns paneis explicativos do problema dos residuos e dos beneficios da reciclaxe. Despois, elaborarán folletos para que cada persoa que poña a súa sinatura poida levarlos consigo e uns cadros para a recollida de sinaturas de compromiso persoal coa reciclaxe.

Na casa: intentarán convencer tamén a súa familia para que se comprometa coa reciclaxe coa mesma seriedade coa que empregan con alguén que non coñecen.

Máis: investigar sobre as plataformas que se mobilizan por unha causa, como change.org, ou que buscan fondos para campañas que seguen unha causa, como migranodearean.org.

49

R

Camiseta e merchandising “I love reciclar envases”.



Obxectivo: vincularse emocionalmente coa reciclaxe, mesturando creatividade e sensibilización. Facer súa a idea a través do traballo manual e intelectual. Ideas chave: compromiso, sensibilización, tomar partido, mostrar as ideas, escooller lemas, afondar nos conceptos, participar e convencer os outros.

Recursos: camisetas, pintura para roupa ou papel transfer para impresoras. Outros tipos de produtos que se poidan personalizar, como cuncas, pulseiras e colares, fundas para móbiles etcétera.

Desenvolvemento: os alumnos inventarán lemas para personalizar prendas de roupas ou obxectos, sempre co obxectivo de plasmar o seu amor e compromiso co medio ambiente.

Na casa: proporcionar obxectos que xa non se utilizan ou que xa non se queren para esta campaña, demostrando que este reemprego tamén contribúe á reciclaxe.

Máis: poderíase montar un posto de feira na festa do centro ou no barrio para vendelos e recadar fondos solidarios, co fin de sufragar os custos dunha campaña de limpeza propia.



Littering en grupo.



Obxectivo: sensibilizar a xente nova do problema dos residuos non controlados, da importancia da limpeza e do respecto á contorna natural. Tomar contacto real coa situación nun espazo degradado e comprobar a mellora que supón a acción humana. Asumir un compromiso activo cara ao medio ambiente. Realizar unha actividade de equipo e constatar como, entre moitos, se consegue moito máis e máis rápido.

Ideas chave: campaña de limpeza, traballo en equipo, contorna natural, degradación e posibilidade de cambio.

Recursos: bolsas do lixo de cor amarela, azul, verde e gris. Luvas, paus para espetar e protección solar.

(...) Desenvolvemento: entre todos analizarán os espazos naturais, os parques, os ríos e as praias da contorna, e escollerán aquel que pensen que se pode beneficiar máis dunha acción de littering ou recollida de lixo en grupo. O obxectivo é recuperar ao máximo o seu equilibrio, eliminando todo tipo de residuos. Os envases que se poidan atopar seleccionaranse segundo os seus materiais

e meteranse en bolsas de cores: nas bolsas amarelas, os envases de plástico, metais ou briks; nas azuis, os envases de cartón e os papeis; nas verdes, os de vidro, e nas grises, outros produtos que non sexan envases e teñan que tirarse ao lixo. Poñerase especial coidado en manipularlos, porque, ao estar á intemperie, poden estar oxidados, rotos ou afiados. Daranse estas consignas de seguridade e protexeranse con luvas. Ao rematar, depositarase cada bolsa nos colectores da súa cor.



Na casa: a actividade tamén debe coordinarse desde a AMPA e unirse á limpeza cos alumnos. Con isto, poden ser conscientes do que se podería chegar a ensuciar ao facer unha excursión, recollendo todos os residuos nunha bolsa especial que depositarán despois nos colectores axeitados.



Máis: Pódense sumar ao voluntariado de moitas das **ONG medioambientais** que periodicamente organizan campañas de limpeza en contornas naturais degradadas.



**ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA**



**ALDEAS INFANTILES SOS É UNHA ORGANIZACIÓN DE
AXUDA Á INFANCIA, INTERNACIONAL, PRIVADA, SEN
ÁNIMO DE LUCRO, INTERCONFESIONAL E
INDEPENDENTE DE TODA ORIENTACIÓN POLÍTICA.**

Foi fundada no ano 1949 e ten presenza en 134 países. O noso labor céntrase no desenvolvemento do neno ata que chega a ser unha persoa autosuficiente e integrada na sociedade. Traballamos para fortalecer as familias vulnerables, de xeito que poidan atender adecuadamente os seus fillos; protexemos os nenos que se viron privados do coidado dos pais, brindámoslles un medio familiar protector no que poidan medrar sentíndose queridos e respectados, e acompañamos os rapaces no seu proceso de autonomía e independencia.

No mundo existen 573 Aldeas Infantiles SOS, coordinadas por SOS Children's Villages International (Aldeas Infantiles SOS Internacional), que é a federación de todas as Asociacións nacionais de Aldeas Infantiles SOS e que atende un total de 58 866 nenos. Conta con 1883 centros e programas SOS, dedicados a residencias de rapaces, escolas, centros de educación infantil, programas de fortalecemento familiar e outros proxectos que atenden máis de 494 703 nenos, rapaces e adultos. Tamén ofrece 943 753 tratamentos médicos nos 76 hospitais SOS e conta con 726 395 beneficiarios nos 24 Programas de Atención de Emerxencias SOS no mundo.

EN ESPAÑA

Aldeas Infantiles SOS está presente no noso país desde 1967. En 1981 constitúese a Asociación Aldeas Infantiles SOS de España, que coordina o labor a nivel nacional, e en 1983 é declarada de utilidade pública polo Consello de Ministros. A Presidencia de Honor osténtaa S.M. o rei Felipe de Borbón.

Traballa actualmente en sete comunidades autónomas – Andalucía, Aragón, Castela-A Mancha, Canarias, Cataluña, Galicia e Madrid – a través de:

1 PROGRAMAS DE PROTECCIÓN

En convenio coas Comunidades Autónomas garantirán un medio familiar cando o núcleo biolóxico non o permita en:

Unha familia SOS: cando o neno non pode vivir coa súa familia, ofrecémoslle un medio protector nunha familia SOS cunha persoa de referencia estable (nai SOS), que lle ofrece os cuidados, o afecto e a formación precisos para o seu desenvolvemento integral.

Cada familia SOS vive nunha casa de Aldea Infantil SOS, comunidade máis grande á que pertence o neno. Cada Aldea está formada por un conxunto de fogares onde residen grupos de irmáns, garantindo a non separación destes. Trabállase para que poidan volver coa súa familia biolóxica ou ata que poidan vivir de forma independente.

Acollemento familiar: se o neno forma parte dun programa de acollemento en familia allea, extensa ou profesionalizada, ofrecémoslles aos seus acolledores o apoio e o asesoramento da nosa organización. Velamos polo interese do menor, dos pais biolóxicos e das familias que acollen, porque cremos que o acollemento funciona se todos os implicados están comprometidos e satisfeitos.

Programa de Primeira Acolliada e Valoración: é un recurso especializado, deseñado, para darlles atención temporal e con carácter de urxencia aos nenos e adolescentes en grave situación de desprotección, mentres se determina á medida o recurso de protección máis axeitado.

2 APOIO Á AUTONOMÍA DOS RAPACES

O noso traballo non remata coa maioría de idade dos rapaces. Continuamos acompañándoos, se eles así o queren, no seu proceso de desenvolvemento. Dáse resposta ás necesidades individuais dos rapaces, atendendo á súa capacidade de resiliencia, procurándolles os apoios precisos e formándolos para conseguir a súa integración social e laboral ata alcanzar a súa autonomía e participación.

3 PROGRAMAS DE PREVENCIÓN

Fortalecemento familiar. O seu obxectivo é darlles apoio ás familias vulnerables para mellorar as súas condicións de vida e fortalecelas, previndo o abandono infantil. Estes programas danlles resposta ás demandas crecentes dentro da área da infancia, da rapazada e das familias con risco como: centros de Día, Escolas Infantís, Natureza Educa e Programas de Familias.

ACADEMIA SOS

É a encargada da formación, a xestión do coñecemento, a investigación e o sistema de xestión da calidade da organización. Os seus ámbitos fundamentais son a Escola Nacional de Formación, que garante a formación inicial e continua de todos os profesionais da organización e o departamento de I+D e Calidade. As súas funcións principais son documentar, analizar a realidade social e ofrecer respostas eficaces ás situacións actuais e de futuro. Externamente establece alianzas e acordos de colaboración con universidades, organizacións, asociacións e organismos públicos ou privados que lle permitan alcanzar os seus obxectivos.

LATINOAMÉRICA E ÁFRICA

Aldea Infantil SOS de España financia 15 Aldeas na América latina: Mar da Plata (A Arxentina), Ricaurte e Portoviejo (Ecuador), San Jerónimo e Jocotán (Guatemala), Tela, Choluteca e Tegucigalpa (Honduras), Managua e Juigalpa (Nicaragua), Lima e Pachacamac (O Perú), San Miguel, San Vicente e Sonsonate (O Salvador); e 3 en África: Agadir (Marrocos), Louga e Ziguinchor (O Senegal).

Támén asumimos o mantemento de diferentes proxectos na América latina, como Programas de Fortalecemento Familiar, Centros Sociais SOS, Escolas de Primaria, Centros de Día e Escolas Infantís, así como dous programas de asistencia cirúrxica aos nenos na Guinea ecuatorial e no Senegal, con 2369 intervencións ao ano.

En total, o número de nenos e rapaces atendidos por Aldeas Infantís SOS de España en 2015 foi de 24 571 (6610 en España e 17 961 en América latina e África).

PROGRAMAS EDUCATIVOS

Os nosos programas de educación en valores para Primaria e Secundaria permítenos reflexionar cos nenos, rapaces, profesores e familias, a fin de que entre todos podamos construír unha sociedade máis xusta, onde non teña cabida a marxinação. Nestes anos abordaron temas como a solidariedade, a intelixencia emocional, a amizade, a confianza, a responsabilidade, o compromiso ou a prudencia.

No curso escolar 2015-2016 un total de 2.027 colexios de Primaria e 1.500 centros de Secundaria de toda España están a traballar nos programas educativos de Aldeas Infantís SOS. “Abraza os teus valores”, dirixido aos alumnos de entre 3 e 12 anos, alcanza xa a súa décimo novena edición, e “Párate para Pensar”, para idades comprendidas entre os 12 e 16 anos, acada a súa décimo terceira edición.

A NOSA RESPONSA FRONTE Á CRISE

Ante a difícil situación económica que vive o noso país e o gran número de familias en situación vulnerable, Aldeas Infantís SOS puxo en marcha os novos servizos asistenciais, que dan resposta ás carencias básicas de nenos e rapaces e que apoian os seus proxenitores na procura dunha solución: alimentación (comedores sociais, reparto de comida e bolsa comedor), apoio na procura de emprego dos mozos e axuda económica para o autoemprego, creación e ampliación de Centros de Día, apoio ás familias monoparentais e ampliación de aulas de familia, axudas para material escolar ou subvención do custo de tratamentos sanitarios e voluntariado médico.

Se quere máis información sobre o labor de Aldeas Infantís SOS visite a nosa páxina:

www.aldeasinfantiles.es

Teléfono de asesoramento permanente do programa educativo: 670 696 588
Ou chámenos ao 902 33 22 22.

PÁRATE *para pensar*



**ALDEAS
INFANTILES SOS
ESPAÑA**

**PROGRAMA EN VALORES
PARA EDUCACIÓN
SECUNDARIA**

CONTRIBUÍENDO AO DESENVOLVEMENTO

CURSO 2016-2017



Coa colaboración de:

